

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA  
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

# XEOGRAFÍA

Maria Prats Ferret  
Mireia Baylina Ferré



2024  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo



XEOGRAFÍA  
Maria Prats Ferret  
Mireia Baylina Ferré

2024  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo

# GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero  
da Xarxa Vives d'Universitats

**Ada GARRIGA COTS**, presidenta da Comisión de Igualdade, Universitat Abat Oliba CEU · **Carmen VIVES CASES**, directora do Secretariado de Igualdade, Universitat d'Alacant · **Marta TORT COLET**, comisaria de Educación, Cultura, Xuventude e Deporte, Universitat d'Andorra · **María PRATS FERRET**, directora do Observatorio para a Igualdade, Universitat Autònoma de Barcelona · **Núria FERRAN FERRER**, delegada do reitor para a dirección da Unidade de Igualdade, Universitat de Barcelona · **Elisa MARCO CRESPO**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat CEU Cardenal Herrera · **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universitat de Girona · **Capilla NAVARRO GUZMÁN**, directora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universitat de les Illes Balears · **Consuelo LEÓN LLORENTE**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Internacional de Catalunya · **Fernando VICENTE PACHÉS**, director da Unidade de Igualdade, Universitat Jaume I · **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centre Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universitat de Lleida · **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Miguel Hernández d'Elx · **María OLIVELLA QUINTANA**, coordinadora da Unidade de Igualdade, Universitat Oberta de Catalunya · **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universitat de Perpinyà Via Domitia · **Josefina ANTONIJUAN RULL**, vicerreitora de Responsabilidade Social e Igualdade, Universitat Politècnica de Catalunya · **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Politècnica de València · **María José GONZÁLEZ LÓPEZ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Pompeu Fabra · **Andrea DEL POZO RODRÍGUEZ**, xefa da Área de Secretaría Xeral, Universitat Ramon Llull · **Víctor MERINO SANCHO**, director do Observatorio da Igualdade, Universitat Rovira i Virgili · **Rosa María MOCHALES SAN VICENTE**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de València · **Mar BINIMELIS ADELL**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya

**Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración  
coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela**

© Xarxa Vives d'Universitats, 2022, da edición orixinal  
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,  
Universidade de Vigo, 2024, desta edición

## Tradución

Traducciones Sprint

## Revisión

Oficina de Igualdade de Xénero  
Universidade de Santiago de Compostela

## Edición técnica

Edicións USC  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
<https://www.usc.gal/publicacions>

## Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

# •• ÍNDICE

<b>Presentación</b> .....	5
Artes e Humanidades.....	7
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	8
Enxeñarías e Arquitectura.....	8
Metodoloxía.....	9
<b>01. Introducción</b> .....	10
<b>02. A cegueira ao xénero en xeografía e as súas implicacións</b> .....	12
<b>03. Propostas xerais para introducir a perspectiva de xénero na docencia</b> .....	17
3.1. Facer visibles as autoras e adoptar unha postura crítica ante a produción do coñecemento xeográfico.....	17
3.2. Como explicar e empregar a diferenza xénero/sexo e outros conceptos básicos desde a xeografía.....	18
3.2.1. O XÉNERO E A INTERSECCIONALIDADE DE IDENTIDADES. O PAPEL DO LUGAR.....	22
3.3. Revisión das teorías de pensamento xeográfico.....	24
3.4. Pedagogías feministas e <b>queer</b> : a proposta dos mapas de relevos de experiencia para traballar as xeografías da interseccionalidade.....	27
<b>04. Propostas para incorporar a perspectiva de xénero na docencia da xeografía</b> .....	29
4.1. Obxectivos das materias de xeografía con perspectiva de xénero.....	29
4.2. Contidos das materias de xeografía con perspectiva de xénero.....	30
4.2.1. EXEMPLO 1: GLOBALIZACIÓN, TRABALLO E XÉNERO.....	31
4.2.2. EXEMPLO 2: XEOGRAFÍA URBANA E URBANISMO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO.....	34
4.2.3. EXEMPLO 3: XÉNERO, RURALIDADE E SEXUALIDADE.....	38
4.2.4. EXEMPLO 4: XEOGRAFÍA POLÍTICA, CONFLITOS E RISCOS AMBIENTAIS.....	41
4.3. AVALIACIÓN DA MATERIA.....	47

<b>05. Recursos docentes específicos para incorporar a perspectiva de xénero en xeografía</b> .....	49
5.1. Uso non-sexista da linguaxe.....	49
5.2. Uso de exemplos, datos e escalas sensibles ao xénero.....	51
5.3. Espazo e ambiente académico respectuoso e comfortable para todas as persoas .....	53
5.4. Obxectivos formativos.....	54
5.5. Masculinización da xeografía.....	55
<b>06. Ensinar a facer investigación en xeografía sensible ao xénero</b> .....	58
<b>07. Recursos pedagóxicos en xeografía e xénero</b> .....	62
7.1. Webgrafía.....	62
7.2. Bibliografía sobre xeografía e xénero.....	63
7.3. Revistas de referencia en xeografía e xénero.....	65
7.4. Glosario de conceptos xeográficos con perspectiva de xénero	65
7.5. Ligazóns a guías docentes de materias sobre xeografía e xénero nos graos en Xeografía .....	66
<b>08. Para profundar</b> .....	67
8.1. Bibliografía citada e de referencia.....	67

## •• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? No eido universitario, a perspectiva de xénero ou transversalidade de xénero é unha política integral de promoción da igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión universitaria, que son todas áreas afectadas por diferentes nesgos de xénero e outros eixes de discriminación. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en consideración as características, as necesidades e os intereses tanto das mulleres como dos homes, e discirnan os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da femineidade e a masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives d'Universitats [Rede Vives de Universidades (XVU)] promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, sobre todo no ámbito de acción da perspectiva de xénero. Cómpre lembrar que as políticas que non teñen en conta eses roles diferentes e necesidades diversas e, daquela, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, mediante a que lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, achegándolle fontes de referencia e autoridade académica e procurando fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia do coñecemento nas aulas sensible ao sexo e o xénero comporta varios beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha banda, ao profundar na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, xa teóricas, xa empíricas, que se producen ao partir do home como referente universal ou ao non ter en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes.

Xa que logo, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, as tecnoloxías e as innovacións (re)producidos. Doutra banda, fornecer o alumnado de ferramentas novas para identificar os estereotipos, as normas e os roles sociais de xénero contribúe a desenvolver un espírito crítico de seu e a adquirir competencias que lle permiten evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas para garantir a atención á diversidade de estudantes.

O documento que ten nas mans é froito do plan de traballo do Grupo de Traballo en Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero na docencia e a investigación universitarias. O informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), confirmou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria aínda é un desafío pendente, malia o marco normativo vixente a nivel estatal, europeo e dos territorios da XVU. En 2021 publicouse unha nova edición deste informe, desta vez coordinado por M. José Rodríguez Jaume e Diana Gil González (Universitat d'Alacant). Nel concluíase que, aínda que o xénero se está a incluír de maneira progresiva en materias dos plans de estudos dos distintos graos, aínda persiste un enfoque restritivo que, malia promover a formación en xénero nos contidos, nas formulacións e nas metodoloxías, presenta limitacións, como o escaso cambio na cultura organizativa e de xestión das universidades ou a convivencia coa cegueira de xénero nas demais materias do plan de estudos.

Un dos retos principais que se identificou no informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao é a necesidade de formar o profesorado nesa competencia. Nesa liña, sinálase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden ao profesorado a impartir unha docencia sensible ao xénero.



Por esta razón, o GT en Igualdade de Xénero da XVU acordou desenvolver a colección *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero*, coordinada, na primeira fase, por Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e, nas seguintes, por M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Maria Olivella Quintana (Universitat Oberta de Catalunya).

Ata o de agora, elaboráronse en total vinte e oito guías, redactadas por profesorado experto na aplicación da perspectiva de xénero en cadansúa disciplina e procedente de distintas universidades:

### Artes e Humanidades

**Antropoloxía:** Jordi Roca Girona (Universitat Rovira i Virgili)

**Filoloxía e Lingüística:** Montserrat Ribas Bisbal (Universitat Pompeu Fabra)

**Filosofía:** Sonia Reverter-Bañón (Universitat Jaume I)

**Historia:** Mónica Moreno Seco (Universitat d'Alacant)

**Historia da Arte:** M. Lluïsa Faxedas Brujats (Universitat de Girona)

**Museoloxía e Museografía:** Ester Alba Pagán (Universitat de València)

### Ciencias Sociais e Xurídicas

**Comunicación:** Maria Forga Martel (Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya)

**Dereito e Criminoloxía:** M. Concepción Torres Díaz (Universitat d'Alacant)

**Educación e Pegaxoxía:** Montserrat Rifà Valls (Universitat Autònoma de Barcelona)

**Xeografía:** Maria Prats Ferret e Mireia Baylina Ferré (Universitat Autònoma de Barcelona)

**Socioloxía, Economía e Ciencia Política:** Rosa M. Ortiz Monera e Anna M. Morero Beltrán (Universitat de Barcelona)

**Turismo:** Ester Noguer Juncà (Universitat de Girona) e Montserrat Crespi Vallbona (Universitat de Barcelona)

## Ciencias

**Física:** Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

**Matemáticas:** Irene Epifanio López (Universitat Jaume I)

### **Ciencias da Vida**

**Bioloxía:** Sandra Saura Mas (Universitat Autònoma de Barcelona)

**Ciencias da Actividade Física e do Deporte:** Pedrona Serra Payeras e Susanna Soler Prat (INEF Barcelona)

**Enfermaría:** M. Assumpta Rigol Cuadra e Dolors Rodríguez Martín (Universitat de Barcelona)

**Medicina:** M. Teresa Ruiz Cantero (Universitat d'Alacant)

**Nutrición e Dietética:** Purificación García Segovia (Universitat Politècnica de València)

**Psicoloxía:** Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universitat de les Illes Balears)

## Enxeñarías e Arquitectura

**Arquitectura:** María-Elia Gutiérrez-Mozo, Ana Gilsanz-Díaz, Carlos Barberá-Pastor e José Parra-Martínez (Universitat d'Alacant)

**Ciencias da Computación:** Paloma Moreda Pozo (Universitat d'Alacant)

**Enxeñarías Agrarias:** M. Dolores Raigón Jiménez (Universitat Politècnica de València)

**Enxeñaría Naval, Marina e Náutica:** Clàudia Barahona Fuentes e Marcel·la Castells Sanabra (Universitat Politècnica de Catalunya)

**Enxeñaría Industrial:** Elisabet Mas de les Valls Ortiz e Marta Peña Carrera (Universitat Politècnica de Catalunya)

**Enxeñaría Multimedia:** Susanna Tesconi (Universitat Oberta de Catalunya)

**Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación:** Sònia Estradé Albiol (Universitat de Barcelona)

## Metodoloxía

**Docencia en liña coa perspectiva de xénero:** Míriam Arenas Conejo e Iolanda García González (Universitat Oberta de Catalunya)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias que se imparten non supón máis ca reflexionar verbo dos diferentes elementos que configuran o proceso de ensinanza-aprendizaxe, partindo do sexo e o xénero como variables analíticas chave. Para poder revisar as súas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atopará recomendacións e indicacións que abranguen todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, linguaxe e exemplos empregados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación, e xestión do contorno de aprendizaxe. No fin de contas, incorporar o principio de igualdade de xénero non é soamente unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

M. JOSÉ RODRÍGUEZ JAUME e MARIA OLIVELLA QUINTANA,  
coordinadoras

## •• 01. Introducción

A xeografía é unha disciplina de moi amplo alcance ao tratarse da ciencia que estuda a superficie terrestre, as sociedades que a habitan e os territorios, paisaxes e lugares que se xeran pola interacción entre os dous primeiros elementos. É, polo tanto, unha disciplina onde, desde o seu inicio, o interese se sitúa na interacción entre fenómenos naturais e fenómenos sociais, e que historicamente ten xerado pontes entre as ciencias físicas e as ciencias sociais. Este feito permitiu que, a diferenza doutras ciencias físicas, a xeografía estivese máis aberta a incorporar teorías críticas procedentes dos movementos sociais. Nesta liña, a xeografía feminista ten unha longa traxectoria e as autoras desta guía son dous importantes referentes no Estado español. Maria Prats Ferret e Mireia Baylina Ferré, ambas profesoras na UAB, preséntannos ao longo do texto e de forma moi precisa a transformación da xeografía como disciplina, como profesión e como currículo académico a medida que as teorías feministas e a interseccionalidade se foron incorporando ao seu corpus teórico.

No capítulo 2, as autoras expoñen cales son as principais transformacións conceptuais da disciplina e, especialmente, a evolución de conceptos como territorio, espazo ou paisaxe a partir da incorporación da perspectiva de xénero. Tamén explican como foi evolucionando a profesión e avázanos que, se ben hai unha maior incorporación da perspectiva de xénero, a súa progresiva tecnificación está masculinizándoa, coa conseguinte perda de referentes femininos.

A continuación, no capítulo 3, Baylina e Prats presentan catro propostas de incorporación da perspectiva de xénero na docencia universitaria que se centran na xeografía, mais que poden ser aplicadas ao resto de disciplinas: 1) facer visibles as autoras e adoptar unha postura crítica perante a produción do coñecemento xeográfico; 2) como explicar e empregar a diferenza de xénero/sexo e outros conceptos básicos desde a xeografía; 3) a revisión das teorías de pensamento xeográfico e 4) as pedagogías

feministas e *queer* e a proposta dos mapas de relevos da experiencia (*relief maps*) para traballar as xeografías da interseccionalidade.

No capítulo 4, as autoras seguen profundando en como transformar a docencia da xeografía, agora si poñendo exemplos prácticos levados a cabo no Departamento de Xeografía da UAB nas tres dimensións clave das materias: os obxectivos, os contidos e a avaliación. En relación cos contidos, Baylina e Prats ofrecen innovacións conceptuais e docentes en temáticas como globalización, traballo e xénero; xeografía urbana e urbanismo con perspectiva de xénero; xénero, ruralidade e sexualidade, e xeografía política, conflitos e riscos ambientais. Ás propostas dos capítulos 3 e 4 seguen un capítulo 5 que contén unha gran diversidade de recursos pedagóxicos e un capítulo 6 que convida a reflexionar sobre como aprender a facer investigación en xeografía sensible ao xénero.

## •• 02. A cegueira ao xénero en xeografía e as súas implicacións

Durante moitos séculos, a metade da humanidade foi ignorada como obxecto de estudo en xeografía, igual que pasou noutras ciencias sociais. Hai uns cincuenta anos, e grazas ao movemento feminista e á evolución da situación das mulleres na sociedade (ocupación, formación, participación política, condicións de vida), o proceso científico avanzou para facer visible na disciplina a outra metade do xénero humano. A xeografía considerou tradicionalmente a sociedade como un conxunto neutro, asexuado e homoxéneo, sen considerar as profundas diferenzas que hai entre mulleres e homes na ocupación do espazo. O espazo non é neutro desde o punto de vista do xénero, o que implica a necesidade de incorporar as diferenzas sociais entre homes e mulleres, así como as diferenzas territoriais nas relacións de xénero para explicar a realidade en calquera lugar do mundo e en calquera escala. Isto quere dicir que case todos os temas que trata a xeografía se poden e deben formular desde esta perspectiva.

A que se debe este esquecemento? A xeografía foi historicamente unha disciplina académica dominada por homes. As mulleres tiñan menos presenza na academia, nas cuestións de investigación e, sobre todo, como produtoras de coñecemento. O coñecemento é unha creación social; polo tanto, o tipo de coñecemento que ofrece unha disciplina depende de quen o produce, que métodos se empregan e para que debe servir. Gillian Rose (1993) mostra como a xeografía se reivindica como exhaustiva e universal, mentres que o discurso sobre o que se fundamenta está baseado nunha posición situada e contextual que encarna o suxeito masculino, branco, burgués e heterosexual. A noción específica de coñecemento a partir da que pensan os xeógrafos é a que marxina as mulleres na disciplina: por unha banda, en canto que deslexitima calquera coñecemento producido por outro suxeito e, por outra, en canto que constrúe as categorías de pensamento da xeografía unicamente desde a súa perspectiva, ignorando a diversidade que conforma a realidade social.

As raíces do androcentrismo na disciplina encóntranse na conceptualización das categorías de xénero home/muller como categorías identitarias binarias e relacionais, é dicir, constrúense a partir de constelacións simbólicas e discursivas que se opoñen a unha á outra, dándolles máis valor a unhas categorías ca a outras. Deste xeito, a masculinidade constrúese como o suxeito en oposición a unha alteridade feminina subordinada. Esta conexión entre a identidade masculina (o suxeito) e o saber converte o home en produtor lexítimo de coñecemento; analogamente, a construción binaria do xénero vincúlase cunha construción sobre os seres racionais (únicos capaces de producir coñecemento científico obxectivo, neutral, verídico, absoluto) e os irracionais (como as mulleres, non concibibles como suxeitos de coñecemento).

A crítica feminista sinalou basicamente o nesgo androcéntrico presente no traballo científico, tentando probar como a asunción indiscutida de obxectividade e racionalidade non é máis ca unha determinada visión hexemónica e parcial da realidade e a forma de achegarnos a ela. Por iso, autoras como Donna Haraway (1991) defenden o denominado «coñecemento situado» como forma de facer ciencia desde a posición (xa sexa xénero, etnia, idade, orientación sexual etc.) que se ocupa, sendo consciente dos nesgos que comporta na práctica científica máis ca negándoos.

Así pois, historicamente téñense feito patentes moitos prexuízos sexistas na investigación e docencia xeográficas, que ofrecen, por tanto, análises parciais e nesgadas da realidade social, por exemplo, cando non se extraen datos sociodemográficos e económicos diferenciados por sexo, como medir o status social dun fogar unicamente pola renda do «cabeza de familia» (dando por feito que é o home e obviando así o elevado número de fogares monomarentais que hai no mundo ou a existencia de familias non-heterosexuais). Tamén se ten tratado a actividade económica da poboación seguindo un significado moi restrinxido de traballo, en concreto, como aquela actividade con valor de cambio, excluindo, por tanto, todas as demais actividades que teñen un valor de uso (entre elas, o traballo doméstico, o traballo de coidados, o traballo voluntario...), así como aquelas outras

que reverten en termos monetarios, mais que se desenvolven na economía informal (non-declarada) ou o traballo de produción de subsistencia, entre outros. En todas estas formas de traballo encontramos moitas mulleres cuxas actividades non foron recoñecidas nin económica nin socialmente. O feito de considerar a división do traballo segundo o xénero proporciona a quen investiga ou imparte docencia a ferramenta analítica necesaria para explicar a distribución desigual do traballo entre mulleres e homes no mundo, en todos os contextos, e fai evidente a complexa relación das mulleres co traballo e as razóns desta complexidade.

En xeral, tense investigado e impartido docencia sobre as actividades, os espazos e as paisaxes que reflectiron as experiencias dos homes na súa relación coa economía de mercado, os espazos públicos, as grandes infraestruturas de transporte, a xeopolítica internacional, os conflitos armados etc., ignorando aquelas que forman parte da vida cotiá das mulleres, como os espazos educativos, de saúde, de consumo, de cuidados..., en escalas de proximidade como o barrio, a comunidade ou o propio fogar. Porén, non só isto: tamén se ten obviado o papel das mulleres no uso dos recursos, como a auga e a enerxía, e na xestión do medio ambiente, e, en xeral, en todos os anteriores, atribuídos aos homes.

Noutras ocasións, as investigacións téñense orientado tanto a homes como a mulleres, mais analizando sempre en termos de experiencias masculinas, como as migracións, avaliadas en función do migrante masculino sen considerar as motivacións e experiencias do resto da unidade familiar. Todas estas investigacións asumiron que as vivencias dos homes poden representar todas as experiencias, afirmación que cuestiona de forma directa a suposta neutralidade da ciencia. Por veces, cando se ten querido tratar «o papel das mulleres no mundo», coa vontade de facelas visibles, tense feito en termos de xeografía da poboación, abordando cuestións como a fecundidade e o crecemento demográfico, o que reforza aínda máis a imaxe das mulleres dedicadas exclusivamente ou principalmente á reprodución.

As primeiras investigacións xa puxeron de manifesto a dificultade metodolóxica para obter datos sobre as mulleres, as súas actividades e os



seus espazos de referencia. En ocasións, como no sector agrogandeiro, as agricultoras e as gandeiras foron consideradas a nivel estatístico durante moitos anos «señoras da casa» ou, no mellor dos casos, «axudas familiares» ou «cónxuxes», categorías estatísticas que non indican ningunha situación profesional, que supoñen actividades subordinadas a outras que se consideran as principais e que desvalorizan o traballo das mulleres no sector primario. Isto fixo que desde a investigación e a docencia houbera que acumular feitos e coñecementos sobre a vida cotiá das mulleres e a súa relación coa contorna para poder despois ir máis alá e preguntarnos por que as cousas son como son e que determina as formas do futuro. Unha xeografía que obvie as mulleres e as súas actividades ou que asuma os roles tradicionais de xénero é cega ao xénero e non pode contribuír nunca á visión dunha sociedade igualitaria.

A xeografía incorpora a perspectiva de xénero observando e analizando, primeiro, os padróns diferenciais das mulleres na súa relación co espazo e, despois, recoñecendo a estrutura de xénero na sociedade como un elemento fundamental para comprender os cambios económicos e sociais do mundo contemporáneo e a forma como o medio xeográfico é constituído e empregado pola poboación. A xeografía feminista quere analizar a relación entre as divisións de xénero e as divisións espaciais para descubrir como se constitúen mutuamente e amosar os problemas ocultos tras a súa aparente naturalidade. Trátase de coñecer como as mulleres e os homes experimentan os lugares e mostrar que as diferenzas forman parte da constitución social tanto do lugar como do xénero, e que isto se pode mudar.

Malia que a xeografía feminista ten un percorrido de cincuenta anos, a súa presenza no mundo concéntrase aínda só en corenta países, principalmente anglofalantes e só tres en África (Blidon e Zaragocín, 2019). As desigualdades entre territorios e culturas é notoria. O potencial transformador da xeografía feminista —que fai unha relectura da disciplina, comezando polos seus conceptos clave: lugar, espazo e paisaxe— non é doado de encaixar en contextos conservadores e patriarcais, con estruturas de poder moi consolidadas. A propia palabra «feminista» é rexeitada en

moitos lugares pola súa connotación política. Ata as propias investigadoras non se nomeaban a si mesmas xeógrafas feministas por medo a seren desvalorizadas e excluídas, e iso non só en sociedades onde a súa práctica comporta consecuencias adversas, senón tamén en contextos europeos próximos ou no noso propio país. As investigadoras e docentes que introduciron esta perspectiva na xeografía catalá e española teñen feito referencia a claras resistencias a aceptar —ou simplemente tolerar— esta perspectiva na disciplina xeográfica (Sabaté, 1984; Garcia Ramon, 1989).

A nivel profesional, a ocupación das primeiras persoas licenciadas en Xeografía (anos oitenta do século XX) foi a docencia, en particular, no ensino secundario. A disciplina, malia voar xa soa sen a historia, aínda se relacionaba moito cos coñecementos de formación básica na educación obrigatoria e, por tanto, cun perfil profesional claro na docencia. Un estudo de Garcia Ramon e Pujol (2004) sinala que, nos anos setenta, as mulleres eran maioría entre o alumnado de Xeografía na universidade e explicábase a partir da vinculación da disciplina coa profesión docente, tradicionalmente máis feminizada. Nos anos noventa encóntranse cunha situación que apunta cara á masculinización da disciplina, tanto no profesorado como no alumnado predoutoral e de grao. As autoras atribúeno á imaxe técnica da disciplina, que deriva dun ensino con maior peso dos contidos técnicos e instrumentais, e do crecemento da práctica profesional fóra da docencia. Esta situación semella continuar na actualidade, sobre todo no que respecta ao estudantado.

A xeografía como profesión emerxente en ámbitos como a planificación urbana, a ordenación do territorio, o medio ambiente, a cartografía e os sistemas de información xeográfica representa novas oportunidades profesionais para as persoas graduadas. No entanto, o feito de que haxa unha maior presenza masculina non é un bo indicador no que respecta á igualdade de xénero. Aínda que a mocidade introduce a perspectiva de xénero na súa práctica profesional (que é posible e necesaria en todos os ámbitos antes mencionados), cómpren referentes profesionais femininos, e en especial canto máis tecnificada estea a disciplina.

## •• 03. Propostas xerais para introducir a perspectiva de xénero na docencia

### 3.1. Facer visibles as autoras e adoptar unha postura crítica ante a produción do coñecemento xeográfico

Na docencia, incorporar a perspectiva de xénero implica revisar os nesgos androcéntricos das disciplinas. Esta revisión comporta, en primeiro lugar, incluír o coñecemento producido polas mulleres científicas e expertas, así como as perspectivas críticas que revelan conceptualizacións androcéntricas (Ponferrada, 2017), o que incide tanto na bibliografía básica de referencia de todas as materias (manuais, textos seminais, atlas...) como na bibliografía máis especializada vinculada a temas concretos (artigos científicos, fotografías, mapas, recursos audiovisuais como películas e documentais...) e, por descontado, en todo o que sexa de lectura obrigatoria. Desde hai uns anos, a academia segue os principios neoliberais tanto no que respecta á xestión interna como á produción e difusión do coñecemento científico. Isto quere dicir que investigadoras e investigadores se ven na obriga de publicar en revistas internacionais indexadas en bases de datos que son propiedade de grandes grupos corporativos que se autooutorgaron a licenza de determinar a calidade da investigación científica en función de quen publique nas revistas que aparecen nas súas bases. Esta práctica exclúe aquelas persoas investigadoras que publican noutros medios por razóns diversas, entre elas, por manteren posicións críticas con este procedemento. As bibliografías das materias deberían ser inclusivas neste sentido e darlle visibilidade á boa calidade científica, independentemente do medio polo que se difunda. Da autoría cómpre indicar, obviamente, o nome de pía, a fin de facilitar, na medida do posible, a identidade de xénero.

En todas as disciplinas hai persoas de renome pola súa contribución ao coñecemento e é doado lembrar nomes de autores masculinos —e, por veces, mesmo a súa imaxe— aos que se fai mención nas clases. É de inte-

rese repasar as biografías de investigadoras (tanto das pioneiras da disciplina como das novas, que introducen perspectivas innovadoras) e pararse a reflexionar na dimensión biográfica que hai tras a súa achega científica. Igualmente, é frecuente que o profesorado se refira a algún «mestre» destacado na disciplina da universidade onde se imparte a docencia; normalmente, é un referente masculino. Conviría pensar no maxisterio dalgunha muller e nomeala, e, se non se deu o caso, obviar todo aquilo que contribúa á reprodución das desigualdades de xénero. Esta cuestión faise extensiva á exposición de fotografías dos próceres da disciplina, por exemplo, nos departamentos universitarios.

### **3.2. Como explicar e empregar a diferenza xénero/sexo e outros conceptos básicos desde a xeografía**

A xeografía con perspectiva feminista é a que incorpora as achegas teóricas do feminismo á explicación e interpretación dos feitos xeográficos, o que significa incorporar o xénero na interpretación do mundo onde vivimos e recoñecer o papel diferencial das persoas na relación entre a poboación e o medio natural. A achega das diferentes ciencias sociais á construción dos conceptos derredor do xénero deulles pouca importancia ás variacións espaciais, e a xeografía ignorou as variables e os conceptos básicos derredor do xénero; a xeografía feminista é, daquela, o lugar de encontro entre o xénero e as variacións espaciais.

Entendemos por xénero como as diferenzas entre mulleres e homes foron construídas socialmente. A meirande parte destas en relación con funcións, división do traballo e relacións de poder derivan das diferenzas de xénero (construción social) e non do sexo (construción biolóxica); o xénero como construción social ten variacións territoriais, algo que non se produce co sexo. Os *roles de xénero* describen quen fai que, onde e cando. A atribución dos diferentes roles a mulleres e homes tamén presenta variacións territoriais.

A *división do traballo segundo o xénero* ou a *división sexual do traballo* é a atribución de determinados traballos aos homes e doutros ás mulleres.

Esta división é universal, existe en todas as culturas e rexións; no entanto, a forma concreta como se materializa presenta diverxencias territoriais e sociais. Coa deconstrución do concepto de *traballo*, o feminismo achegou a distinción entre o traballo *produtivo* (o que se vende ou pode vender no mercado) e o *reprodutivo* (o destinado ao mantemento biolóxico e social das persoas) (Benería, 1981), facendo así agromar a outra parte da economía: a invisible. Hoxe, no contexto da tensión entre os tempos da reprodución e as esixencias do traballo mercantil, fálase de como se pode organizar unha sociedade para que a vida sexa sustentable para todo o mundo. Amaia Pérez Orozco (2014) propón desprazar o eixe analítico dos procesos de valorización de capital cara aos procesos de sustentabilidade da vida, entendendo a socioeconomía como un circuito integrado de produción-reproducción, traballo remunerado-traballo non-remunerado e mercado-Estado-fogares, e valorando en que medida xera condicións para unha vida que mereza ser vivida.

As *relacións de xénero* fan referencia ás relacións de poder existentes entre homes e mulleres. En moitos ámbitos espaciais e culturais hai unha relación de subordinación das mulleres respecto dos homes, ben que as características e a intensidade desta subordinación varían segundo os lugares. Sobre a subordinación das mulleres, o feminismo achegou o concepto de *patriarcado*, entendido como o sistema económico e social polo que os homes se apropián do traballo das mulleres (produtivo e reprodutivo). Sylvia Walby explica en *Theorizing Patriarchy* (1990) que as relacións patriarcais nas sociedades industriais se constrúen e manteñen grazas a seis estruturas nas que os homes dominan e explotan as mulleres: a produción doméstica (os homes aprópanse do valor do traballo doméstico das mulleres), as relacións patriarcais no traballo remunerado (as mulleres fican relegadas aos traballos peor pagados), as relacións patriarcais no nivel do Estado (os homes dominan as institucións e lexislan de forma desvantaxosa para as mulleres), a violencia machista, as relacións patriarcais no ámbito da sexualidade (os homes controlan o corpo feminino) e as rela-

cións patriarcais nas institucións culturais (control masculino dos medios de comunicación e das representacións que ofrecen das mulleres).

Na reinterpretación da xeografía desde unha perspectiva de xénero podemos centrarnos en tres grandes ámbitos que abranguen practicamente toda a disciplina:

- 4 As relacións existentes entre o xénero e conceptos clave en xeografía como o espazo, o lugar ou a natureza.
- 5 As diferenzas territoriais nos roles e relacións de xénero.
- 6 O emprego e a experiencia diferenciais do espazo entre mulleres e homes, a distintas escalas, desde a local (utilización do espazo cotián) á global (movementos migratorios transnacionais, por exemplo). (Sabaté *et al.*, 1995)

Se nos fixamos no sentido actual do concepto de *lugar*, veremos como desde o feminismo nos preguntamos que entendemos por lugares e como nos relacionamos con eles. Hai tempo, os lugares eran (supostamente) áreas delimitadas que ocupaban comunidades homoxéneas. Hoxe serían todo contrario: segundo a xeógrafa británica Doreen Massey (1991), definiámolos como un conxunto de relacións establecidas entre comunidades moi heteroxéneas, nun sentido do lugar sen fronteiras, aberto ao exterior. Nun mundo global, Massey fala da «compresión espazo-tempo» ou a superación do espazo polo tempo nunha época de máxima mobilidade (movemento e comunicación a través do espazo, extensión xeográfica das relacións sociais) e fai referencia á nosa experiencia global. Por tanto, se, á fin e ao cabo, todo depende da nosa experiencia, as nosas identidades (entre elas, o xénero) inflúen en como vivimos os lugares. O feito de poder moverse entre países ou pasear polas rúas de noite son accións que non están influenciadas unicamente polo capital. A mobilidade das mulleres en todo o mundo, por exemplo, está limitada en intensidade e características diferentes segundo os lugares, non polo capital, senón polos homes (violencia física, miradas sexualizadas ou prohibicións directas de iren soas polo espazo público).

Na *relación entre o xénero e a natureza*, pensamos, por exemplo, nas mulleres que fan agricultura ecolóxica ou *gandaría extensiva* (Baylina, 2020). Queren que as persoas consumidoras sexan máis conscientes e merquen produtos locais, e consideran que a calidade de vida asociada á súa vida de labregas é moi importante. As súas filosofías sobre a agricultura e a sostibilidade inclúen non maltratar o solo e traballar pouco sobre a terra e co que esta nos vai dicindo. Estas mulleres harmonizan moi ben os elementos de calidade de vida para elas, a súa familia e a comunidade co respecto pola natureza. As súas perspectivas sobre a natureza non son pasivas, senón que recoñecen o uso instrumental que fan da terra porque a precisan para sobrevivir, mais tamén recoñecen que o seu benestar está intimamente ligado a ela. Esta ética do coidado está na intersección entre utilidade, interese económico e obrigas morais cara ao fogar e a comunidade.

Unha *xeografía rexional de xénero* amosa como o xénero é importante na xeografía e como a xeografía condiciona o xénero en todos os lugares e a todas as escalas. O xénero debe formar parte da descrición e análise rexionais. Se recompilamos feitos xeográficos sobre lugares concretos (poñamos por caso Delhi, Lima ou Estocolmo), debemos incluír cales son as opcións de vida para as mulleres e ter presente tamén as súas diferenzas segundo a clase social, a etnia, a casta ou a orientación sexual, por exemplo. Tamén nos interesará coñecer as diferenzas espaciais na construción do xénero ou como se entenden a masculinidade e a feminidade segundo os lugares. Se buscamos datos sobre diferentes aspectos xeográficos a calquera escala (local, rexional, estatal), é imprescindible contar con datos desagregados por xénero (e non sempre os hai, nin en todos os lugares nin para todas as escalas, algo que tamén cómpre reivindicar). Con estes podemos tratar a xenerización das divisións espaciais do traballo; a xenerización do contrato de xénero (taxas de matrimonios e divorcios, idade do primeiro matrimonio, composición dos fogares, violencia...); a xenerización do espazo (espazos domésticos e laborais, emprego do transporte, mobilidade, migracións, razón mulleres/homes nos espazos urbanos e rurais...); analizar a relación entre o xénero e o Estado (composición do poder polí-

tico, existencia de leis de igualdade, dereitos marentais e parentais, participación política etc.), facer unha lectura atenta do benestar (esperanza de vida ao nacer, mortalidade, taxa de fecundidade etc.) e a xenerización da reprodución da sociedade (servizos sociais de atención á infancia, a xente maior e as persoas enfermas; niveis de educación, como taxas de alfabetización, poboación segundo o nivel educativo acadado etc.). Na análise da variedade xeográfica dos roles e das relacións de xénero encontrámonos cunha interesante xeografía do patriarcado, é dicir, as formas que adopta internacionalmente a subordinación das mulleres respecto dos homes, o que tamén nos axudará a tomar conciencia e entender que estas relacións son dinámicas e, por tanto, susceptibles de cambio.

### 3.2.1. O XÉNERO E A INTERSECCIONALIDADE DE IDENTIDADES. O PAPEL DO LUGAR

Malia que a opresión de xénero é unha constante en todas as sociedades, as mulleres non forman un grupo homoxéneo e as súas experiencias están tamén atravesadas por outras estruturas de poder, como a clase social, a idade, a etnicidade, a raza, a capacidade, a orientación sexual, a relixión, a cidadanía, a identidade nacional etc. A intersección entre estruturas ou identidades fai que as experiencias de opresión e de privilexio teñan unha configuración concreta. Por poñer un exemplo: na experiencia do sexismo, non será o mesmo o que sufrirá unha muller de 26 anos (á que poden ase diar polo seu corpo sexualizado) ca outra de 65 (que se pode encontrar cunha discriminación na pensión que cobra) ou unha de 3 (á que lle poden ofrecer xoguetes sexistas). Todas comparten a identidade de xénero, mais as súas diferenzas de idade fan que a discriminación por xénero se materialice de formas diversas. Nos últimos anos desenvolveuse con intensidade nos ámbitos políticos, académicos e institucionais o concepto de interseccionalidade, precisamente para «amosar como diferentes eixes de desigualdade, como o xénero, a raza, a clase social, a orientación sexual, a diversidade funcional ou a idade, están relacionados entre si e configuran formas concretas de discriminación» (Rodó-Zárate, 2021: 18).



O desenvolvemento do concepto de interseccionalidade vincúlase co feminismo negro norteamericano e coa vontade de comprender desde unha perspectiva feminista e antirracista a situación de desigualdade estrutural que sufrían as mulleres negras. O punto clave era mostrar que ambos os eixes (xénero e raza) por separado non podían explicar a súa situación de desigualdade, senón que cumpría ver como se interrelacionaban e configuraban unha experiencia de opresión concreta (Rodó-Zárate, 2021). Feministas negras, entre elas, bell hooks (1984), consideran que as súas colegas brancas non son conscientes da súa brancura polo feito de que ser branca ou branco está fundamentalmente enraizado como «norma», e que a xente branca tamén ten raza e etnia. A partir de aquí iníciase un proceso de descentralización da muller branca, occidental, de clase media e heterosexual, así como de pluralización do feminismo, debate no que non entraremos aquí.

Si avanzaremos, no entanto, as achegas da xeografía feminista ao concepto de interseccionalidade. A relación entre identidades forma parte do proceso de formación das persoas e nel é esencial o contexto. As posicións das identidades de cada persoa (de clase, xénero, orientación sexual...) interrelaciónanse e inciden as unhas nas outras en lugares particulares. Estes, á súa vez, non son meros contedores «onde pasan as cousas», senón que tamén teñen identidades, producidas e repetidas polos grupos dominantes que os ocupan e que poden producir situacións de exclusión de grupos sociais específicos. Un exemplo é o fogar, que no imaxinario popular aínda é un espazo privado, feminizado e heterosexual. O ideal do fogar repousa, precisamente, sobre a norma heterosexual; os fogares son espazos heteronormativos moi vencellados á familia nuclear, malia que esta xa non é a norma en moitos lugares. Estudos sobre mozas lesbianas que viven na casa familiar mostran como os fogares están imbuídos de nocións de heterosexualidade (fotografías, lembranzas, conversas...), o que fai que se sintan «fóra de lugar», nun espazo onde se ven forzadas a agochar a súa identidade e finxir que se adecúan perfectamente á norma heterosexual. Os espazos, polo tanto, non son asépticos, e os espazos e as identidades están imbricados.

A *experiencia vivida*, como ferramenta metodolóxica, ten moito potencial na xeografía feminista para comprender as conexións entre a produción do espazo e a produción do poder. É por medio da nosa experiencia dos lugares como somos quen de captar a complexidade e o dinamismo da interseccionalidade. A xeógrafa Gill Valentine (2007) expón un exemplo moi esclarecedor: a relación entre os momentos vitais e os contextos espaciais na experiencia vivida dunha muller branca, de mediana idade, xorda e bisexual do Reino Unido. As vivencias persoais desta muller na escola, na súa casa cunha parella masculina, no lugar de traballo, na asociación de persoas xordas etc. mostran que ningunha identidade por si mesma é fonte de opresión ou de privilexio, senón que depende dos contextos espaciais: cando nun lugar se sente oprimida por unha identidade (no lugar de traballo pola súa xordeira) atopa confort noutra (como muller traballadora), o que mostra a fluidez das identidades e a complexidade e dinamismo da interseccionalidade.

### **3.3. Revisión das teorías de pensamento xeográfico**

O desenvolvemento da perspectiva de xénero en xeografía varía segundo as escolas de pensamento de cada país ou tradición académica, e a facilidade coa que unha nova perspectiva é adoptada nunha ciencia depende da atmosfera científica imperante nela nun determinado momento da historia. Malia que imos ordenando as correntes de pensamento de forma máis ou menos cronolóxica segundo nos chegan e segundo a influencia que teñen na nosa disciplina, é a persoa docente a que determina desde que perspectiva se sitúa teoricamente para chegar ao seu alumnado. O breve percorrido epistemolóxico que aquí se presenta busca exemplificar as posibilidades que nos ofrece cada paradigma para analizar os feitos xeográficos desde unha perspectiva feminista.

A perspectiva de xénero penetra a finais dos anos setenta na xeografía, bastante tarde debido á escasa permeabilidade das correntes teóricas e metodolóxicas da disciplina durante aquela década e as anteriores. A *xeografía neopositivista*, con interese nos procesos espaciais abstractos,

busca regularidades nas distribucións espaciais, e a obsesión pola obxectividade e a neutralidade da ciencia excluía do seu ámbito de estudo todo canto tivese que ver co cambio social (Sabaté et al., 1995). Non será ata finais dos anos setenta cando a xeografía teña que buscar un marco teórico para comprender as desigualdades entre territorios a todas as escalas.

O marxismo identifica o capitalismo como causa importante desta desigualdade e as primeiras publicacións feministas reclaman o desenvolvemento da teoría marxista para explicar a situación das mulleres neste contexto (Burnett, 1973). De feito, a comezos dos anos oitenta, créase o primeiro grupo de traballo sobre xénero en xeografía, o Women and Geography Study Group [Grupo de estudo de mulleres e xeografía], do Institute of British Geographers, que decontado cataliza o desenvolvemento deste enfoque e se pon a traballar na análise da ocupación feminina desde unha perspectiva marxista (García Ramon, 1989).

Outro paradigma importante que permite a entrada da perspectiva feminista na xeografía é o humanista. A *xeografía humanista* desde a perspectiva de xénero permite poñer a énfase na diversidade cultural das mulleres. Acentúase o papel que as experiencias, os sentimentos e as percepcións teñen na análise da realidade xeográfica. Os conceptos de lugar e identidade son fundamentais e permiten estudar como as mulleres se identifican cos lugares, que valoran da contorna, como expresan os seus sentimentos a respecto dos lugares, que lugares crean e como se deben configurar os lugares para que sexan inclusivos para as mulleres. O estudo da *paisaxe* tamén é importante neste enfoque. A socialización nun xénero fai que os homes e as mulleres perciban a paisaxe de forma diferente e lle outorguen distinto significado. Ademais, a paisaxe créase a partir de ideoloxías diversas, entre elas, as de xénero. As paisaxes reflicten as desigualdades de poder entre homes e mulleres pois conteñen valores culturais patriarcais. A xeógrafa Janice Monk (1999) analiza nun estudo a expresión de xénero na paisaxe construída da cidade para facernos ver que moitos monumentos funcionan para instruírnos sobre que cómpre valorar da nosa historia por medio de expresións visibles dos corpos humanos. A autora

resalta a presenza de máis monumentos de corpos masculinos ca femininos na paisaxe urbana, moitos deles presentados como heroes militares para transmitir poder, reforzados con posturas de a cabalo. A representación de figuras femininas é habitualmente un símbolo abstracto que pouco ten que ver coa muller real: a nudez, a escala heroica e as alas son atributos improbables. Estes monumentos revelan a hexemonía patriarcal de moitas culturas, ademais de asentaren e reproduciren o contexto das relacións de xénero de cada día. Con todo, a paisaxe e a súa utilización tamén poden servir para resistir e desafiar estas construcións. Por exemplo, a ocupación do espazo público urbano (manifestacións políticas, desfiles de grupos sociais *queer* etc.) é unha das formas como podemos empregar a paisaxe para expresar poder e significado.

Baixo a influencia da *teoría posestrutural e poscolonial*, científicas sociais feministas comezan a deconstruír o concepto de xénero como concepto estable seguindo a crítica das feministas negras antes mencionada ao protagonismo da muller branca na maioría dos estudos e na práctica política do feminismo. Este xiro cultural ou deconstrutivo do feminismo consistiu en situar as súas ideas sobre a especificidade e a singularidade xusto no centro. Desde a xeografía, sublíñase a importancia do lugar, a localización e a posición da persoa que fala, os modos de escoitar e de interpretar os grupos marxinais que sempre foron ignorados. Voces do Sur global inflúen na xeografía feminista, abrindo a novos temas e preocupacións, e facendo que tome conciencia das opresións que tamén creou. Por exemplo, faise presente a manifestación colonial e imperialista do feminismo empregando a idea dos dereitos das mulleres para intervir a través do colonialismo, a ocupación militar ou o desenvolvemento económico internacional nos países denominados do «Terceiro Mundo». Tamén se critica por que a xeografía (e a xeografía feminista) non se interesou pola raza e a xustiza racial (probablemente tamén relacionado co feito de que quen construíu o coñecemento xeográfico foi tradicionalmente o suxeito masculino branco).

En décadas recentes, expandiuse a *xeografía queer* para ampliar o alcance e o coñecemento crítico sobre como se constrúen as relacións de poder en diferentes contextos sociais e espaciais, neste caso, considerando a sexualidade como eixe central. O xeógrafo Chen Misgav (2019) examina a relación entre a planificación urbana e a sexualidade para ver se as políticas de planificación local promoven a xustiza espacial en relación coas comunidades LGTBI.

As novas teorías posmodernas sobre o suxeito e a deconstrución enuncian novas dúbidas sobre a posibilidade dunha política e investigación especificamente feministas. Se xa non existe a categoría estable «muller», como podemos reivindicar os seus dereitos? Segundo McDowell (2001: 46), a nosa obriga é descubrir e analizar as estruturas e os procesos mediante os cales se crean as diferenzas e se sitúan os seres humanos en grupos sociais con relacións desiguais. As mulleres, como grupo, teñen moitas menos oportunidades ca os homes, como grupo, mesmo en numerosas sociedades onde a estes tamén se lles negan moitos dereitos fundamentais. Por moi fluída e variada que resulte a creación social da femineidade e a masculinidade, aínda é práctica habitual que unha destas creacións sexa inferior á outra e que, por tanto, os homes como grupo estean implicados no dominio das mulleres. Isto é algo que a xeografía pode e debe reflectir.

### **3.4. Pedagogías feministas e *queer*: a proposta dos mapas de relevos de experiencia para traballar as xeografías da interseccionalidade**

Cada día témonos que enfrontar co alumnado na aula. O contexto global e os cambios sociais fixeron que as aulas xa sexan na actualidade máis diversas social e culturalmente. As experiencias do alumnado coa educación multicultural e a diversidade fomentou a conciencia e a comprensión da diferenza e da identidade, e promoveu, ademais, a inclusión destes temas no currículo de Xeografía. A diversidade da aula ofrece un espazo de apoio para que o alumnado explore temas sensibles e pode resultar un bo laboratorio para implicalo en discusións sobre relacións de poder desiguais e cambio social. Pode ser interesante situar o alumnado como axente na

construción do coñecemento e aplicar as reflexións e estratexias que se xeren por medio do proceso de aprendizaxe. O obxectivo é conseguir unha aula inclusiva e a comprensión da diversidade, así como implicar o estudante na práctica por medio da aprendizaxe activa.

Entre as pedagogías feministas e *queer*, propoñemos os *relief maps* ou mapas de relevos de experiencia (Rodó, 2013), unha ferramenta metodolóxica para recoller, analizar e amosar datos sobre a interseccionalidade desde a xeografía (Baylina e Rodó, 2016). Mediante a experiencia persoal de cada alumna e alumno, represéntase de forma visual a relación entre as identidades e os lugares. En traballo individual, o alumnado ten que situar o seu grao de benestar e de malestar en lugares diferentes segundo cada unha das súas identidades (xénero, idade, etnia, lingua, orientación sexual...). Este exercicio relaciona tres dimensións: a dimensión social (estruturas de poder ou identidades), a dimensión psicolóxica (o grao de benestar ou malestar segundo a experiencia vivida) e a dimensión xeográfica (os lugares). É un excelente traballo empírico sobre a interseccionalidade tomando a dimensión espacial como parte central de análise. Por medio destes mapas preséntanse datos complexos sobre a interseccionalidade de identidades de forma visual, permitindo unha mellor comprensión das relacións de poder mediante a produción dos espazos. Mostran tamén graficamente como as relacións de poder varían segundo os espazos e como os lugares teñen un papel clave na reprodución das desigualdades. Os mapas axudan a que o alumnado tome conciencia a título individual das súas posicións identitarias, das situacións de opresión e de privilexio, das súas relacións cos lugares da súa vida cotiá e do papel das emocións na súa experiencia dos lugares.

## •• 04. Propostas para incorporar a perspectiva de xénero na docencia da xeografía

As propostas para incorporar a perspectiva de xénero na docencia son posibles e, sobre todo, son máis factibles cando van acompañadas dun marco institucional ou normativo que as propicia ou que obriga a elas. No caso de Cataluña, foi clave a Lei 17/2015, de igualdade efectiva de mulleres e homes, que no seu artigo 28.1 establecía que a perspectiva de xénero e os estudos sobre as mulleres debían incluírse nos estudos de grao e posgrao de todas as disciplinas. A fin de levalo á práctica, foi moi útil o documento elaborado pola Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya: *Marc general per a la incorporació de la perspectiva de gènere en la docència universitària* (AQU, 2018). Máis aló deste marco xeral, as diferentes universidades do ámbito catalán aplicaron diversas estratexias. Por exemplo, no caso da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) desenvolveuse un traballo paralelo para incorporar a perspectiva de xénero nas competencias xerais e, en novembro de 2018, aprobou as novas competencias xerais de grao, onde incluíu a competencia CX04: «Actuar no ámbito de coñecemento propio avaliando as desigualdades por razón de sexo/xénero». Unha vez aprobadas as competencias xerais, estas fóronse incorporando progresivamente nos plans de estudos durante os procesos de modificación. Para propiciar e facilitar este traballo, a UAB publicou unha guía de aplicación das competencias xerais por ámbitos de coñecemento que foi elaborada por un grupo de traballo interdisciplinario e que ía dirixida a todos os graos da UAB (Universitat Autònoma de Barcelona, 2021).

---

### 4.1. Obxectivos das materias de xeografía con perspectiva de xénero

Neste apartado proporcionamos información que pode ser útil para unha materia específica sobre xeografía e xénero, se o plan de estudos a inclúe, algo que se produce en poucos casos e que sempre é en calidade de optativa. Do mesmo xeito, tamén é útil para introducir a perspectiva de xénero noutras materias temáticas ou rexionais do ámbito da xeografía.

No primeiro caso, o obxectivo é introducir o alumnado no estudo da xeografía desde unha perspectiva de xénero e dar a coñecer as teorías e investigacións máis relevantes para a análise de xénero a fin de levar a cabo un estudo xeográfico sen nesgos. Isto pódese facer tanto desde as achegas teóricas como desde unha selección de estudos empíricos de diferentes rexións do mundo. Estes exemplos prácticos axudaranlle ao alumnado a tomar conciencia da importancia de incluír a dimensión de xénero nas análises xeográficas.

No segundo caso, para introducir a perspectiva de xénero en calquera materia transversal do ámbito da xeografía, pódese adaptar o obxectivo xeral proposto e convertelo nun obxectivo específico no marco do contido dunha materia temática ou rexional. Neste caso, o que se busca é facilitar elementos de reflexión e análise que axuden a comprender a complexidade e a diversidade das relacións entre os seres humanos e o medio natural e social desde a perspectiva da xeografía feminista.

#### **4.2. Contidos das materias de xeografía con perspectiva de xénero**

Propoñemos nesta sección diversos exemplos de temáticas tratadas desde unha perspectiva de xénero, que non son exclusivas dunha materia e que fan referencia a diferentes rexións do mundo, do continente europeo ou do espazo ibérico. En concreto, expoñeremos exemplos dalgúns dos numerosos ámbitos que compoñen a xeografía, facendo referencia á xeografía rural e á xeografía urbana, así como á xeografía económica e á xeografía política. Esta é unha proposta limitada polo espazo dispoñible e preséntanse algúns exemplos, mais isto non quere dicir que a perspectiva de xénero non se poida incluír tamén nos restantes ámbitos da disciplina xeográfica. En todas as temáticas e materias é posible introducila, algo moi obvio no caso da xeografía social, mais igualmente posible en materias de xeografía física, xeografía da poboación ou sistemas de información xeográfica. Nos casos onde non sexa tan evidente ou custe máis ver como, podemos comezar por accións máis puntuais, como visibilizar o traballo académico das xeógrafas (como xa se mencionou en capítulos anteriores)



e poñer exemplos que axuden a reflexionar sobre estereotipos e sobre as diferenzas de xénero que se desprenden da análise das estatísticas, da observación crítica da cartografía ou dos criterios para a súa elaboración. Nos apartados 3 e 5 desta guía brindamos varias pistas sobre como facelo.

#### 4.2.1. EXEMPLO 1: GLOBALIZACIÓN, TRABALLO E XÉNERO

A xeografía económica é un ámbito central na disciplina e a perspectiva de xénero é fundamental para profundar nas dimensións sociais e espaciais da economía, o traballo e a globalización. O feminismo brinda ferramentas para comprender moitos aspectos da economía e o desenvolvemento internacional, por exemplo, a formación de mercados mundiais, a reestruturación económica, a informalización do mercado laboral, a feminización da forza de traballo e os padróns cambiantes na división do traballo.

Desde os anos setenta, o proceso de integración económica global foi o cambio meirande que afectou todas as economías nacionais e todos os aspectos da vida social, política e cultural en todo o mundo (Benería *et al.*, 2016). A globalización tivo efectos positivos na economía en termos de crecemento e aumento de rendas, mais tamén consecuencias negativas asociadas ás desigualdades sociais e espaciais. Unha das características principais da integración económica global é o enorme crecemento na participación das mulleres no mercado laboral. O aumento dos niveis de educación facilitou a entrada das mulleres formadas en profesións ben remuneradas en moitos países, mais, no caso das de menor nivel educativo, a presión por gañar un salario abocounas a ocupacións en condicións precarias e inestables. Por tanto, unha das consecuencias inmediatas da feminización da forza de traballo é a crecente diferenciación económica e social entre as mulleres.

As mulleres convertéronse en man de obra preferente en moitas actividades, como os sectores manufactureiros orientados á exportación ou as industrias de traballo intensivo que se basean en custos de produción baixos para manter a competitividade. Esta composición da man de obra foi variando desde mulleres novas e solteiras a un grupo máis diverso que

inclúe mulleres de maior idade, casadas e nais de familia. As mulleres son maioría nos elos inferiores das cadeas de produción global: cobran salarios máis baixos ca os homes e acadan unha produtividade maior. Estes dous valores susténtanse en normas patriarcais de xénero, reproducidas no lugar de traballo co apoio das empresas e das políticas gobernamentais. A segmentación laboral fai que as mulleres se encontren segregadas en traballos considerados non-cualificados e, polo tanto, de menor remuneración, e están máis dispoñibles para aceptar traballos temporais dada a súa responsabilidade nas tarefas de reprodución. Nos traballos máis precarios, como na manufactura no domicilio, as mulleres absorben os riscos dos cambios nos pedidos e das baixadas de prezos, á vez que lles aforran custos fixos ás empresas. A feminización laboral non debe ser universal nin necesariamente irreversible. Tamén se dan procesos de desfeminización na medida na que a produción se volve máis tecnificada e capitalizada.

No sector dos servizos, a expansión global dos mercados provocou unha demanda de traballos no sector informático, centros de atención telefónica, seguros, finanzas..., onde se puideron ocupar moitas mulleres, con salarios máis dignos ca os anteriormente mencionados e con profesións de maior recoñecemento social. As mulleres representan unha proporción elevada de traballadoras nestes sectores no Caribe, A India, A China, Malaisia, Filipinas ou Chile (Beneria, 2016), así como na expansión de áreas como a saúde, a educación, o turismo e, en xeral, as industrias de servizos, que tamén se volveron globais.

As áreas rurais tamén evidencian este proceso de feminización. En América Latina, a participación das mulleres rurais no mercado laboral incrementouse enormemente debido á necesidade de diversificar as rendas nun contexto de crecente desigualdade social e económica, así como de pobreza persistente asociada ás reformas neoliberais. Laura Rodríguez *et al.* (2016) explican no caso de Colombia que as pequenas producións non dan competido cos produtos importados nin coa produción agroindustrial, e que o Goberno reforza o latifundismo e a produción agrícola a grande escala. O campesiñado resulta útil só como man de obra barata e provedor

de alimentos a baixo prezo. Neste contexto, é interesante reflexionar sobre os discursos derredor do feito de que a globalización se torne en oportunidade para que as mulleres teñan ingresos e desafíen tradicións patriarcais cando a incorporación das mulleres pobres á forza laboral nun contexto de capitalismo global só facilita e reproduce o mantemento dunha man de obra barata. Este tema e este contexto permiten introducir o alumnado en debates diversos: o do «campo global» como espazo e proceso a múltiples escalas e os actores que forman parte del; o apoderamento das mulleres por medio do traballo remunerado; os debates poscoloniais en relación coa crítica ás políticas do Norte sobre «salvar as mulleres pobres» da desigualdade de xénero no Sur, ou as formas de resistencia e estratexias de subsistencia das familias baseadas nos valores das súas comunidades.

A globalización fomentou a dispersión do traballo feminino en todo o mundo por medio das migracións Sur-Norte. A elevada demanda nos países ricos de traballo considerado non-cualificado contribuíu ao aumento dos fluxos migratorios de mulleres que marchan para traballar como coidadoras ou empregadas domésticas. As migracións constitúen estratexias para facer fronte á falta de oportunidades e aos baixos salarios dos países de orixe, e as mulleres, en moitos casos, toman medidas desesperadas que inclúen a migración ilegal, o que as expón a abusos e explotacións como, entre outros, o tráfico sexual (Oso e Ribas, 2013). A Organización das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC, 2021) ten documentadas no comercio de persoas ata 225 000 vítimas entre 2003 e 2016, das que as tres cuartas partes son mulleres e nenas, a maioría con fins de explotación sexual. África subsahariana e Asia oriental son os lugares de orixe das vítimas, e Europa occidental e central, o lugar onde as localizan.

Estes son algúns exemplos que demostran a importancia da perspectiva de xénero na xeografía económica; sen ela, non poderían explicarse todos os fenómenos mencionados. Os exemplos permiten reflexionar sobre os efectos da economía global na vida das mulleres: atrapadas nun sistema patriarcal global que lles afecta en todas as partes, pódese considerar que efectos teñen sobre elas os novos escenarios (liberadores?,

intensificadores das desigualdades existentes?... ) e tratar que dinámicas novas se producen nas relacións de xénero.

Proponse como actividade que o alumnado lea individualmente a información sobre mulleres e apoderamento económico dispoñible na páxina das Nacións Unidas: <https://www.unwomen.org/es/what-we-do/economic-empowerment/facts-and-figures>. A continuación, en grupos pequenos, tamén se examina a información correspondente a grandes rexións xeográficas (unha rexión por grupo): África, América Latina e O Caribe, os Estados árabes e o norte de África, Asia e Pacífico, e Europa e Asia Central. En grupo pequeno, o alumnado debe anotar:

- Cales son os principais retos para o apoderamento económico das mulleres?
- Que medidas se adoptan para acadalos?
- Que beneficios se poden obter do apoderamento económico das mulleres?
- Como varía todo isto dunha rexión a outra? (posta en común de todos os grupos)
- A que se poden deber as variacións rexionais? (reflexión conxunta de todos os grupos)

Proponse como unha actividade da aula que se pode incluír na avaliación se, ao remate, o alumnado presenta a resposta ás cinco preguntas en grupo.

#### 4.2.2. EXEMPLO 2: XEOGRAFÍA URBANA E URBANISMO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A xeografía urbana constitúe unha das materias troncais dos estudos de Xeografía e, á vez, sempre está presente nas materias de análise xeográfica rexional que toman como ámbito de estudo unha rexión, país, continente ou subcontinente. En todo o mundo, o número de persoas que viven en cidades é cada vez meirande e medra cada vez máis rapidamente, sobre

todo nos países do Sur global, que se incorporaron máis recentemente aos procesos de urbanización a escala mundial.

A calquera escala, a construción social do espazo urbano ten un impacto diferencial de xénero indiscutible. As cidades son reflexo das sociedades que acollen e, polo tanto, reproducen os valores patriarcais, os roles tradicionais e as relacións de poder xenerizadas. A xeografía ten unha longa tradición de estudos urbanos e este é un dos ámbitos de investigación onde primeiro se introduciu a perspectiva de xénero, ben que se fixo principalmente nos países anglosaxóns do Norte global. Un dos temas máis estudados ten sido o das prácticas sociais e espaciais nas cidades, tendo en conta non só o xénero, senón tamén outras identidades como a clase social, a idade, a diversidade funcional, a sexualidade... (McDowell, 2000; Rodó-Zárate, 2021; hooks, 2022).

O papel e a participación das mulleres na construción e a vida das cidades ten moito potencial de estudo desde unha perspectiva histórica feminista facendo referencia a cal foi a evolución deste papel desde a cidade premoderna, pasando pola cidade industrial e a cidade moderna, ata a actualidade (Domosh e Seager, 2001). Obviamente, esta evolución non mantén a mesma cronoloxía en diferentes rexións e países, polo que cumprirá adaptala a cada contexto. É, porén, unha boa referencia para comprender a actual configuración das urbes desde unha perspectiva de xénero.

Outro campo por explorar é o da planificación urbana e o urbanismo. Estes foron ata hai pouco ámbitos profesionais moi masculinizados, tanto desde a xeografía como desde a arquitectura. Durante décadas, a práctica da planificación urbana reproduciu a concepción patriarcal das relacións de xénero. As cidades téñense pensado e planificado tomando unicamente como referente unha identidade masculina, branca, heterosexual, de clase media, mediana idade e cultura occidental. Este é o primeiro nesgo que hai que facer visible e denunciar para demostrar que, cando se teñen en conta e fan visibles outros colectivos que tradicionalmente foron esquecidos, a visión e a interpretación das cidades cambian, igual que acontece coa plani-

ficación urbana cando se fai pensando nas necesidades de todos os colectivos e non só nas dos homes. Visibilizar e ter en conta as experiencias das mulleres no espazo urbano permite mellorar a calidade das intervencións e o resultado é positivo non só para elas, senón tamén para o conxunto da poboación (Chant, 2013; Sánchez de Madariaga, s. d.).

Atendendo a isto, moitos dos aspectos que estuda a xeografía urbana pódense repensar e reformular por completo desde unha perspectiva de xénero. Tradicionalmente, as mulleres estiveron pouco presentes nos ámbitos da planificación urbana e a arquitectura, o que tamén contribúe a que a miúdo sexan esquecidas e obviadas á hora de urbanizar espazos e crear cidade. Non se teñen abondo en conta as súas opinións ou as súas necesidades porque aínda se asocian máis ao espazo privado ca ao espazo público. Isto pódese analizar como unha contradición, pois o deseño dos espazos públicos incide especialmente na vida cotiá das mulleres: elas son as que usan os espazos públicos con máis frecuencia e durante máis tempo debido ás súas responsabilidades familiares e de coidados, que as manteñen en estreita relación coa súa contorna inmediata.

A vivenda é outro dos ámbitos nos que intervén a planificación urbana. No mundo contemporáneo, a casa deixou mormente de ser un lugar de produción (como fora anteriormente) para pasar a ser sobre todo un lugar de consumo (algo que hai que revisar coa eclosión do teletraballo). Desde a perspectiva feminista ten habido proxectos e experiencias de formas alternativas de organización social dos fogares e de deseños arquitectónicos baseados nos principios da igualdade e que falan da colectivización do traballo doméstico. De feito, o enfoque feminista na xeografía urbana ten moito que ver cos cambios nas condicións de vida cotiá das mulleres e co seu papel activo como axentes da política local para acadalos.

Entre os aspectos que diferentes autorías (Col·lectiu Punt 6, 2014, 2019; Sánchez de Madariaga, s. d.) propoñen para a práctica do urbanismo con perspectiva de xénero, podemos destacar cuestións como a necesidade de poñer límites ao crecemento das cidades, favorecer a proximidade e a multiplicidade de usos para evitar áreas funcionalmente segregadas,

eliminar as barreiras arquitectónicas, recuperar os usos da rúa como lugar de encontro, mellorar a oferta de equipamentos e servizos e, sobre todo, crear unha rede de espazos públicos de calidade. Desde a xeografía feminista téñense valorado as experiencias das mulleres nos espazos públicos non só por seren as principais usuarias, senón tamén pola cantidade e a variedade de prácticas de uso que desenvolven neles.

Tamén podemos relacionar cos espazos públicos o dereito das mulleres á cidade, o dereito a circular sen medo polas rúas e espazos da cidade en calquera momento do día e da noite. Na práctica, movémonos pola cidade de forma diferenciada, dado que as mulleres a miúdo restrinximos os nosos movementos, evitando determinados lugares ou itinerarios. Isto está relacionado coa percepción do medo e da ameaza que senten as mulleres, mais tamén está moi atravesado por outros eixes de desigualdade, como a idade, a etnicidade, a sexualidade ou a diversidade funcional. Entre os aspectos que transmiten sensación de inseguridade pódense salientar a desorde do espazo, a falta de iluminación ou a presenza de pintadas, de lixo ou, ás veces, de persoas que non se identifican coa contorna do barrio e que se apropian do espazo público cotián. Estes aspectos pódense contraponer con outros de tipo propositivo a fin de reivindicar melloras no deseño dos espazos públicos, como procurar equilibrar zonas de descanso con zonas de acción, incorporar auga e vexetación, garantir a iluminación, a transparencia e a visibilidade, acadar unha boa accesibilidade e, sobre todo, coidar do mantemento dos espazos para favorecer a sensación de benestar e goce (García Ramon *et al.*, 2014).

Os aspectos relacionados coa mobilidade tamén son moi adecuados para introducir a perspectiva de xénero. De feito, este foi un dos ámbitos nos que se fixo por primeira vez, neste caso, de man da pioneira xeógrafa feminista Susan Hanson. A separación física entre lugar de residencia e lugar de traballo converte o transporte en elemento clave da vida cotián nas cidades. Hanson (2010) demostra como diferentes grupos de poboación teñen pautas de mobilidade diferenciadas no que respecta á frecuencia dos desprazamentos, a distancia e a duración dos traxectos, o motivo do

desprazamento e o medio de transporte empregado. Á vista das estatísticas e estudos sobre diferentes cidades, o alumnado pode comprobar que as mulleres se desprazan con menos frecuencia, percorren traxectos máis curtos, fan desprazamentos relacionados cos coidados ou con motivacións simultáneas, empregan máis o transporte público e móvense máis a pé.

Proponse como actividade un exercicio de observación do espazo público con perspectiva de xénero. Este exercicio require a realización dun traballo de campo sinxelo que inclúe a xustificación da escollo dun espazo concreto, a súa contextualización e a elaboración dun bosquexo ou mapa do espazo seleccionado para facer nel anotacións. Con estes elementos, o alumnado deberá realizar, de forma individual ou por parellas, unha ou máis sesións de observación in situ durante media hora. Deberán tomar notas (ou gravar notas de voz) nas que describan o ambiente e apuntar no mapa a frecuentación con diferentes cores ou símbolos, distinguindo se se trata de persoas que identifican como mulleres ou homes e outros datos que se queiran ter tamén en conta como, por exemplo, a franxa de idade, a diversidade étnica ou cultural, a diversidade funcional etc. Ademais da frecuentación anotarase as prácticas de uso ou actividades desenvolvidas nese espazo, as interaccións persoais e outros aspectos que se consideren relevantes para cada caso concreto. A partir da información recollida deberán redactar un informe breve no que, ademais de describir as prácticas de uso do espazo público, expliquen as diferenzas de xénero observadas e as relacionen coas lecturas traballadas e os contidos teóricos da xeografía urbana e o urbanismo feminista.

#### 4.2.3. EXEMPLO 3: XÉNERO, RURALIDADE E SEXUALIDADE

En xeografía estúdanse os espazos rurais e as actividades vinculadas a estas contornas, que no Norte global están cada vez máis afastadas do sector primario e máis próximas ao sector terciario da economía polo turismo, as segundas residencias e as actividades que disto se derivan. Ata hai unhas décadas, as mulleres non figuraban nos estudos rurais, nin como produtoras nin, por suposto, nas súas tarefas relacionadas coa reprodución (caren-



tes de recoñecemento e remuneración). Os primeiros estudos que elaboran as xeógrafas feministas rurais diríxense a facer visible o traballo das mulleres nas explotacións familiares agrarias, que é a forma de tenza da terra máis común no contexto dos países do Norte. A este respecto detectan que non hai datos estatísticos que recollan as actividades das mulleres nestes espazos e, mediante traballo de campo, recompilan información sobre todas as tarefas que ocupan o día a día das mulleres na agricultura, a gandaría e a xestión da empresa agraria, ademais das tarefas reprodutivas de mantemento e reprodución social e da forza de traballo da familia. As xeógrafas tamén poñen de manifesto o traballo das mulleres no sector informal da economía, moi presente no ámbito rural. As achegas nesta dirección son de tal relevancia que axiña demostrarán tamén o papel das mulleres na etapa de reestruturación económica do mundo rural e a consecuente diversificación de actividades das que tamén forman parte. Aparecerá daquela, entre outras, o turismo rural, unha forma de aloxamento en casaríos e casas rurais da que se ocuparán mormente as mulleres.

O xiro cultural na xeografía e en todas as ciencias sociais (ao que xa fixemos mención noutros apartados) porá a atención en aspectos menos vencellados á economía e máis próximos ás identidades, ás construcións das feminidades e as masculinidades rurais e ás diferenzas. Nesta liña, un dos temas interesantes que se poden tratar co alumnado é o da relación entre o xénero, a ruralidade e a sexualidade. Con máis atraso do que se fixo para as áreas urbanas, as xeógrafas e xeógrafos poñen a atención nos debates sobre a construción, reprodución e representación da sexualidade no mundo rural a fin de comprender as transformacións sociais, culturais, políticas e económicas destas contornas. Poñer o foco na sexualidade no mundo rural supón comprender mellor as relacións de xénero e a marxinalidade no rural, así como coñecer como se constrúe a ruralidade e a súa relevancia para as persoas que viven nela. Cómpre ter información de como viven as persoas de sexualidades non-normativas nas comunidades rurais, como constrúen a súa identidade e como a expresan en contornas que non son consideradas sexuadas, pero que na práctica si o son. A aldea é un

espazo para familias heterosexuais, porque iso é moi importante de cara á construción e á reprodución das relacións sociais e de xénero na sociedade rural. A construción da masculinidade e da feminidade nas comunidades agrarias está moi ligada ás asociacións tradicionais entre sexualidade, natureza e medio ambiente. A habilidade dos labregos para controlar o medio físico é central na súa masculinidade, e iso trasládase ao poder doméstico e ao poder sobre a feminidade das mulleres. As identidades de xénero van acompañadas das identidades sexuais, algo moi importante para a supervivencia das explotacións agrarias e das comunidades rurais (papel do matrimonio e da permanencia, e mantemento dos valores tradicionais, tanto individualmente como de relacións sociais).

A investigación sobre a ruralidade ten demostrado que é un espazo de relacións sociais estreitas, de axuda mutua entre residentes e de forte sentimento de pertenza entre as persoas que conforman a comunidade. Esta visión *mainstream* é alleante para quen non comparte estes valores e códigos morais. A vixilancia natural das comunidades que é benvida para manter o apoio mutuo é unha potente táctica disciplinaria en relación co comportamento sexual. Neste sentido, mediante a marxinación daquelas relacións que non se adecúan ao modelo de familia heterosexual, a comunidade rural garante a súa continuidade e reprodución. O alumnado ha comprender ben estas asociacións recorrendo (sen ir máis lonxe) a campañas, eventos e programas de televisión<sup>1</sup> dirixidos a buscarlles esposa a homes do rural que seguen solteiros en áreas de alta masculinización, tónica xeral da estrutura demográfica da ruralidade do Norte. É moi interesante analizar desde a perspectiva de xénero estes eventos ou programas a fin de detectar que se demanda das mulleres (estabilidade, reputación, feminidade, tolerancia, gusto pola casa e a vida familiar...?) e que se lles ofrece a

---

<sup>1</sup> Tipo *Granjero busca esposa*, de Cuatro TV, que é a adaptación do formato *Farmer Wants a Wife*, estreado en 2001 no Reino Unido e versionado en moitos países, entre outros, Os Estados Unidos, Alemaña, Australia e Francia.

cambio. Trátase dun exercicio de interese para ler o contexto sociocultural da ruralidade actual.

O feito de ter unha sexualidade non-normativa pode ser un factor que acelere o proceso de emancipación do núcleo familiar, ata chegar a ser mesmo un motivo para migrar que culmine no denominado *sexilio* ou abandono forzado do contexto de orixe por condición de xénero ou sexualidade. A persoa LGTBQ+ foxe na procura dun espazo persoal onde liberarse do control social, non por persecucións explícitas, mais si na procura de liberdade. Nas narrativas das migracións *queer*, os suxeitos rurais foxen do seu lugar de nacemento cara á seguridade das metrópoles onde «poden ser tal como son» (Gorman-Murray *et al.*, 2013), malia que as experiencias da migración respondan a unha noción idealizada da liberdade e que a realidade, unha vez no contorno urbano, sexa máis complexa do esperado.

Neste sentido, tamén hai procesos de inmigración rural de fogares lesbianos e gais que constrúen o rural como unha fuxida do espazo urbano e establecen comunidades alternativas que marcan novos procesos socioculturais, do mesmo xeito que hai explotacións agrarias de familias *queer* que transgreden as pautas organizativas da tradición. Todo isto salienta as posibilidades transformativas na construción do lugar e fálanos de cambios sociais, que, como levamos repetido ao longo desta guía, é do que trata a xeografía feminista.

Proponse como exercicio ver a película *Alcarràs* (da directora Carla Simón, 2022) e facer unha análise crítica desde a perspectiva de xénero e interseccional tendo en conta os eixes de idade, clase e sexualidade. O alumnado veraa pola súa conta e compartirá a análise co grupo na aula. A finalidade é facer unha lectura crítica da influencia da heteronormatividade nas relacións sociais e económicas do mundo rural tradicional.

#### 4.2.4. EXEMPLO 4: XEOGRAFÍA POLÍTICA, CONFLITOS E RISCOS AMBIENTAIS

O ámbito da xeopolítica estivo presente desde o primeiro momento nos manuais sobre xeografía e xénero que apareceron en primeiro lugar nos países angloamericanos. Linda McDowell (2000), no capítulo dedicado ao

xénero e o Estado-nación, aborda cuestións como o papel do Estado nas políticas e como estas afectan as mulleres, ou todo o que fai referencia ao estado de benestar, a prestación de servizos públicos (como a sanidade e a educación) ou outras políticas sociais. Outras cuestións máis traballadas desde outras disciplinas, como as identidades e os símbolos estatais, as relacións internacionais ou as loitas poscoloniais ou decoloniais, tamén teñen unha dimensión de xénero, como nos mostra esta mesma autora.

Tradicionalmente, o ámbito do poder político, as institucións do Estado, as decisións e práctica da política foron consideradas un asunto dos homes. Hai relativamente pouco que, froito de intensas loitas, as mulleres viron recoñecidos dereitos básicos como o dereito de sufraxio, o dereito á representación política e civil (partidos políticos, sindicatos e movementos sociais) ou o dereito ás políticas para acadar e garantir a igualdade de xénero. No entanto, malia a consecución destes dereitos, estamos lonxe de acadar a igualdade na esfera pública. Para visibilizar e analizar estas cuestións resulta moi útil recorrer a mapas como os recollidos en *The Women's Atlas*, do que Joni Seager (2018) leva publicadas varias edicións, ou a outros mapas de fácil acceso desde sitios web especializados como os que se citan no capítulo 7. Os mapas permiten comparar as diferenzas na situación dos distintos países no que respecta a cada un destes aspectos ou doutros.

Para abordar as cuestións da xeopolítica é esencial ter en consideración que escala adoptamos á hora de analizar os problemas. Tradicionalmente, e desde unha perspectiva androcéntrica e patriarcal, tense traballado sobre todo na macroescala, a escala global, a escala de gobernos e Estados, e a escala das relacións internacionais, ámbitos nos que, como xa dixemos anteriormente, as mulleres estiveron tradicionalmente ausentes. Por iso, unha das vías para introducir a perspectiva de xénero neste tema pasa por termos en conta tamén outras escalas de análise. En concreto, se baixamos á escala rexional ou local (a que denominamos «microescala» e que inclúe comunidades veciñais, barrios, casas etc.), resultaranos máis doado atopar as mulleres e coñecer os seus intereses e necesidades. Nela encontraremos e poderemos estudar as relacións entre o persoal e

a xeopolítica, e encontraremos a vida cotiá, un ámbito privilexiado para observar e analizar as relacións de xénero. Deste xeito, o cambio de escala facilita a incorporación da perspectiva de xénero en temas de grande implicación política, como a reprodución social e biolóxica, a sexualidade, o deseño dos fogares e os espazos públicos ou a participación das mulleres no mercado de traballo, entre outros. Moitas destas cuestións tamén brindan a oportunidade de abrir a mirada máis aló do xénero, adoptando un enfoque interseccional que teña ademais en conta a clase social, a etnia ou a bagaxe cultural, a diversidade funcional ou a sexualidade (Rodó-Zárate, 2021).

É tamén moi pertinente incluír a reflexión sobre como as mulleres, malia a súa marxinación na política oficial, foron sempre moi activas en campañas polos dereitos sexuais e reprodutivos, así como nas mobilizacións contra os feminicidios, as violacións e os abusos sexuais. A miúdo foron elas as que conformaron espazos de disidencia e resistencia política. Un posible caso para análise podería ser o movemento das Madres de la Plaza de Mayo na Arxentina, durante e despois da ditadura militar, para reclamar e reivindicar familiares desaparecidos durante a represión política.

Os contextos de guerra aberta ou de conflitos de raíz diversa son espazos e tempos nos que se acentúan os fenómenos de desigualdade e violencia que xa existían previamente ao conflito. Habitualmente, as lóxicas do machismo ou do racismo xa operaban antes de que se declare un conflito de forma aberta. Cando se fan recontos de vítimas, o número de homes adoita ser maior entre as vítimas directas, pero as mulleres son as principais vítimas indirectas porque, a causa do conflito e tamén en contextos de ocupación e posguerra, as mulleres teñen peor acceso á saúde, á educación e ao traballo, máis mortalidade materna e asumen a maior parte do traballo de coidados.

No contexto de guerra e de militarización, a imaxe e a participación das mulleres e dos colectivos LGTBIQ emprégase para transmitir unha mensaxe de modernidade e apertura dos exércitos. As militares tamén son

utilizadas para gañar a confianza das poboacións ocupadas ou represaliadas con accións vinculadas á axuda humanitaria no ámbito da saúde ou da educación, mais cun fondo onde o obxectivo é gañar a confianza das poboacións para obter información de primeira man sobre os movementos de resistencia ou na fronte militar.

O tema das violencias sexuais en contextos de guerra ou conflito pódese tratar, mais neste e noutros temas sensibles debemos ter en conta que cómpre advertir previamente o alumnado, tal como se explica no apartado seguinte. Ao tratar o tema das violencias sexuais, cómpre tamén considerar que a situación de caos propia dos conflitos pode dar a sensación de impiedade. Por iso, a violencia sexual en contextos de guerra ou conflito acentúase e non só chega desde o lado inimigo, senón que as agresións tamén se poden dar dentro das propias comunidades ou familias de forma máis frecuente. Cómpre recordar que a violencia sexual en contextos de guerra tamén se exerce contra homes e crianzas. Por outra banda, tamén é preciso recoñecer e visibilizar que hai moitas outras formas de violencia machista ou violencia contra as mulleres nos contextos de ocupación, refuxio ou posguerra. Algunhas son violencias institucionais, como as que se exercen no control de fronteiras, pero tamén a falta de acceso aos servizos básicos e a deterioración das condicións de vida pola destrución de infraestruturas e o desabastecemento.

No ámbito dos movementos sociais pola paz, o papel das mulleres tamén foi e é moi significativo, polo que podemos aproveitar para darlle a coñecer ao alumnado movementos pacifistas feministas históricos, como o Greenham Common Peace Camp, ou outros movementos contemporáneos globais contra a guerra, como Women in Black. Así mesmo, é ben oportuno que o alumnado se familiarice con iniciativas das Nacións Unidas, como a Resolución 1325 sobre mulleres, paz e seguridade, aprobada por moitos gobernos, mais aínda pendente de levar á práctica por falta de medios e vontade política. Esta resolución tamén é un marco legal para conseguir o recoñecemento dos impactos da guerra, así como a participación das mulleres na prevención de conflitos e na construción da paz (Villemas, 2016).

Desde a perspectiva da emerxencia e o conflito tamén nos deberiamos referir aos riscos ambientais, máis aínda tendo en conta que moitas das guerras actuais e futuras son guerras polo control e o acceso aos recursos naturais, mesmo por recursos tan básicos como a auga ou a madeira, e non unicamente polos minerais ou enerxéticos.

A xestión e o aprovisionamento destes recursos básicos está fundamentalmente nas mans das mulleres, sobre todo en zonas rurais de países do Sur global, onde as mulleres son as responsables do abastecemento cotián da familia no que respecta á auga e á leña. Por mor da sobreexplotación, estes son recursos cada vez máis escasos, polo que é preciso ir cada vez máis lonxe para atopalos. Isto supón un incremento do tempo e da carga de traballo para as mulleres, unha maior exposición ás doenzas vinculadas aos puntos de auga e un maior risco de sufrir agresións nos traxectos. Para facerlle fronte a esta situación de crise ambiental, as mulleres desenvolveron estratexias de supervivencia que poden resultar prexudiciais para a súa propia saúde ou a da súa familia.

Outro aspecto vinculado á vida cotiá que é básico, mais que na maioría dos casos non está resolto, é a necesidade e o dereito a dispoñer de instalacións sanitarias limpas, dignas e accesibles nos fogares e nos servizos públicos, como escolas ou centros de saúde. Este é un servizo básico, mais, cando non existe, os problemas e as consecuencias que xera son moito máis importantes para as mozas e as mulleres polas especificidades biolóxicas e as presións ou tabús sociais. Non dispoñer de aseos en condicións pode supoñer para moitas mozas non asistir á escola e verse privadas do acceso á educación.

Finalmente, cando facemos referencia aos desastres e riscos ambientais, temos tamén que incorporar a perspectiva de xénero. O impacto dunha erupción volcánica, un terremoto, un furacán ou unha inundación sempre é meirande nas mulleres. Hai autoras (Alston, 2013; Bru, 1995) que nos explican que, cando hai unha situación previa de pobreza e vulnerabilidade —na que a miúdo se atopan máis as mulleres— e a isto se suma unha situación de risco natural, o resultado é o desastre ambiental, e este non

afecta só o medio natural, senón que ten consecuencias directas graves nas vidas das persoas que o sofren.

No contexto da recuperación tras unha crise ambiental, as mulleres tamén se encontran en peor situación, mais son, a un tempo, axentes clave nos procesos de recuperación. Xa desde antes de que se produza unha situación de risco, as mulleres adoitan ter menos acceso aos recursos e menos representación na toma de decisións, tanto na escala familiar como na escala da política local ou rexional.

As mulleres adoitan ter menos contactos, información e coñecementos a respecto de como conseguir axuda (se é que hai). En determinados contextos culturais do Sur global, non dispoñen de liberdade para saír da casa ou dirixirse a homes que non sexan da familia. Doutra banda, o caos xerado por un desastre ambiental (na propia contorna ou o que se produce nos refuxios) expón as mulleres e as crianzas a situacións de maior inseguridade ou violencia. O analfabetismo e o descoñecemento de linguas estranxeiras son outros factores con grandes diferenzas de xénero e que teñen un grande impacto en situacións de emerxencia.

Neste caso, a actividade que se propón é un exercicio de análise da prensa escrita para ver de que xeito se presentan e reproducen os roles de xénero cando se informa de novas relacionadas con conflitos ou con desastres ambientais. Pódese escoller un evento recente concreto, contextualizalo e analizar que presentación fai a prensa do rol de mulleres e homes fronte a estas situacións, tanto no relato, nas persoas entrevistadas, coma nas imaxes que acompañan as novas. Pódese analizar se hai presenza ou non de mulleres e, en caso de que si haxa, pero só como vítimas ou vinculadas aos roles tradicionais de coidados, observar se son entrevistadas só como vítimas ou tamén como profesionais expertas, ou ben se aparecen de tal forma que se visualiza e recoñece a súa actuación e a súa participación na recuperación, nos movementos sociais ou na area política.



### 4.3. AVALIACIÓN DA MATERIA

O sistema de avaliación que propoñemos deberá adaptarse á modalidade dos estudos, dependendo de se son presenciais, semipresenciais ou virtuais. En todos os casos é relevante que o sistema de avaliación e os diferentes elementos que o compoñen se fagan explícitos, tanto de forma oral como por escrito nos plans docentes desde o inicio do curso ou preferentemente desde antes do proceso de matrícula. Este feito contribúe á transparencia e a un dereito mellor e máis igualitario á información no canto de deixar que circule por canles informais ou improvisadas que poden deixar fóra as mulleres ou colectivos de minorías.

Tan importante como facer explícito e transparente o sistema de avaliación empregado é a necesidade de respectar o que figura proposto nos plans docentes, sen introducir cambios nin facer improvisacións. Este respecto das condicións de avaliación previamente establecidas (tanto por parte do profesorado como do alumnado) xera maior certeza e aumenta as probabilidades de éxito nos procesos de avaliación. Circunstancias excepcionais como, por exemplo, a pandemia da covid-19, poden demandar mudanzas ou adaptacións, mais estas deben ser sempre acordadas e debidamente publicitadas.

No que respecta ao modelo ou sistema de avaliación, propoñemos avaliar a materia de forma continuada cunha tipoloxía de actividades que permitan que o alumnado aprenda a partir de diferentes habilidades ou preferencias, para sermos así máis sensibles á súa diversidade.

Tamén propoñemos diversificar e espazar as entregas a fin de evitar a acumulación de tarefas ao remate do curso ou cuadrimestre. Como alternativa, é bo propoñer diversas entregas que lle permitan ao alumnado recibir unha retroalimentación a medida que vai avanzando o curso, de xeito que poida mellorar as súas destrezas e aplicalas na adquisición dos coñecementos propios da materia. As entregas deben ter unha data acordada e prefixada ao inicio do curso que lle permita ao alumnado organizar o traballo e facelo compatible co resto das materias e coa súa vida profesional, persoal ou familiar, facilitando así a conciliación.

Entre os exemplos de actividades que se poden empregar para facer efectiva esta avaliación continua podemos citar os traballos de curso, os exercicios puntuais realizados na aula ou os encomendados para facer fóra de forma individual ou en grupo. Estes exercicios refírense aos diferentes bloques temáticos traballados e poden consistir en comentarios de textos, mapas ou datos estatísticos, preparación de glosarios, ensaios que respondan a preguntas propostas, comentarios de vídeos, pequenos traballos de campo... Elaborar este tipo de actividades é compatible coa realización dun ou máis dun exame, que eventualmente se pode facer permitindo a consulta de apuntamentos ou resumos para valorar preferentemente a capacidade de comprensión, expresión e argumentación do alumnado.

É moi positivo valorarmos a asistencia e a participación nos debates na aula e nas discusións de lecturas. Tamén se pode fomentar o emprego da linguaxe oral propoñendo presentacións na clase ou debates, e non só exercicios escritos.

Cómpre que o alumnado coñeza desde o inicio que o traballo académico non admite a copia nin plaxio de material, tanto no caso dos traballos como no dos exames, e que este tipo de prácticas poden ser sancionadas. Deste xeito contribuiremos a unha ética do traballo persoal e á adherencia a uns valores que despois o alumnado poderá aplicar na súa actividade profesional futura.

## •• 05. Recursos docentes específicos para incorporar a perspectiva de xénero en xeografía

### 5.1. Uso non-sexista da linguaxe

Un dos primeiros e principais recursos que podemos empregar á hora de introducir a perspectiva de xénero en xeografía é o uso dunha linguaxe sensible ao xénero. Noutras palabras: prestar atención a facer un uso non-sexista da linguaxe ou, conforme a expresión máis común hoxe en día, empregar unha linguaxe que sexa inclusiva.

É posible que non saibamos como facelo, mais podemos recorrer a algunhas das numerosas guías que existen, tanto de ámbito universitario como do ámbito da comunicación ou de carácter máis xeral, onde atoparemos moitas suxestións aplicables á práctica docente. Destacamos para o catalán catro dos recursos existentes:

L'Apòstrof, SCCL (2021). *Català inclusiu i natural*. Barcelona: L'Apòstrof.

Dispoñible en: <https://apostrof.coop/catala-inclusiu.pdf> [consultado o 30/06/2022].

Xarxa Vives d'Universitats (2012). *Criteris multilingües per a la redacció de textos igualitaris*. Dispoñible en: <https://www.vives.org/book/criteris-multilin-gues-per-a-redaccio-textos-igualitaris/> [consultado o 30/06/2022].

Marçal, Heura; Kelso, Fiona e Nogués, Mercè (2011). *Guia per a l'ús no sexista del llenguatge a la Universitat Autònoma de Barcelona*. Bellaterra: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona. Dispoñible en: <https://www.uab.cat/doc/llenguatge> [consultado o 30/06/2022].

Marçal, Heura (2018). *Deu pistes per a un ús no sexista del llenguatge*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona. Dispoñible en: <https://www.uab.cat/doc/pis-tes-us-no-sexista-llenguatge> [consultado o 30/06/2022].

As diferentes propostas pódense levar á práctica con maior ou menor intensidade, principiando por algún aspecto que nos pareza máis factible. Pódese comezar por evitar empregar o masculino xenérico en favor de expresións neutras ou máis inclusivas como, por exemplo, falar de profesorado no canto de falar unicamente de profesores. Outra opción é a de empregar formas duplas e, por exemplo, falar de profesoras e profesores, con alternancias entre o masculino e o feminino, no canto de falar unicamente de profesores.

Os documentos máis recentes expoñen o feito de que nos encontramos ante un proceso de cambio lingüístico onde progresivamente se está a empregar menos o masculino xenérico en favor de formas neutras ou inclusivas. Ao mesmo tempo, na actualidade atopámonos co reto de que xa non son unicamente as mulleres as que presentan a necesidade de formas lingüísticas máis inclusivas, porque a maioría das persoas que se identifican como non-binarias ou de xénero neutro tamén senten que as formas tradicionais, como o masculino xenérico, as invisibilizan (L'Apòstrof, 2021). Por iso, cumprirá prestar atención ás novas propostas e aos traballos que elabora o GT de Calidade Lingüística da Xarxa Vives d'Universitats para dar resposta aos novos desafíos que apuntan a necesidade de superar a linguaxe binaria e buscar fórmulas que respondan ás demandas e aos usos sociais.

En todo este proceso, hai resistencias e incomodidades, tanto da comunidade falante como das persoas expertas que, desde posicións conservadoras, defenden que non cómpre facer cambios. A miúdo, estas posicións non teñen en conta o malestar que senten as persoas non-binarias que non se ven incluídas ou abondo visibilizadas nas fórmulas tradicionais. Por iso será preciso atender ás necesidades das persoas que non senten recoñecida a súa identidade, abrir toda a comunidade lingüística ao diálogo e traballar para dar respostas ás preguntas e retos que a sociedade actual formula.

Outra estratexia facilmente accesible para facer a linguaxe máis inclusiva e visibilizar as mulleres e a súa obra é citar e incluír autoras entre as

persoas expertas na disciplina xeográfica, especialmente cando lle presentemos a bibliografía ao alumnado. Do mesmo xeito, cando citemos as autorías, podemos facelo co nome de pía completo e non só coas iniciais, co que contribuiremos á visibilización das autoras. Estas prácticas, ademais, representan unha vía para ofrecerlles ás alumnas referentes de xeógrafas e outras autoras nas que se vexan reflectidas e nas que se poidan proxectar como profesionais no futuro.

## **5.2. Uso de exemplos, datos e escalas sensibles ao xénero**

Un segundo tipo de recursos que temos ao alcance é o de evitar empregar exemplos con nesgos de xénero ou que reforcen os estereotipos de xénero. Durante a práctica docente cotiá podemos ter isto presente nos exemplos e estudos de caso que propoñemos nas clases teóricas ou nas prácticas. Do mesmo xeito, cando se fai a promoción dos estudos de Xeografía, debemos procurar que nas imaxes das webs e o material publicitario aparezan mulleres para así ofrecer referentes femininos ás posibles estudantes futuras. Isto é particularmente importante nestes estudos, onde se observou unha masculinización progresiva do alumnado nos últimos anos.

A miúdo, os textos e imaxes reproducen estereotipos e prácticas sexistas. O profesorado das clases teóricas ou prácticas ou as persoas responsables do traballo de campo deben velar por non reproducilos e por cuestionalos cando aparezan nos materiais a fin de desenvolver o pensamento crítico do estudantado (hooks, 2022). Tamén cómpre velar por que as clases amosen pluralidade de experiencias e referentes. No contexto desta guía, principalmente no que respecta a cuestións de xénero, é importante incluír tamén exemplos que reflectan a diversidade étnica, cultural, relixiosa, de clases sociais etc. que atopamos en diferentes rexións do mundo e que condicionan e mesmo determinan a vida cotiá das mulleres, das disidencias sexuais e doutros colectivos marxinados ou minoritarios.

Ampliar o abano das temáticas tratadas permite ampliar tamén o alcance dos intereses do alumnado. No caso da xeografía, esta apertura

pódese estender tamén á escala de análise e ás rexións do mundo que son obxecto de estudo. Tendemos a centrar a atención na contorna máis próxima sen ter abondo presente ou dedicar atención suficiente á diversidade de contextos xeográficos e as súas especificidades de xénero a escala mundial.

Habitualmente, e aínda hoxe, o tratamento dos temas e das problemáticas a escala macro está moito máis vinculado aos intereses masculinos. As grandes decisións e acordos a escala mundial, froito de cumios internacionais, ofrécennos adoito imaxes cun amplo predominio de homes dada a súa aínda moi maioritaria participación no poder político e, en particular, na política internacional. En cambio, na escala micro, a escala do poder local, a que xestiona e condiciona o día a día das comunidades, é onde atopamos maior presenza feminina, aínda que non se chegase á paridade. Encontramos esta situación de desigualdade tamén no tratamento das temáticas xeográficas, de xeito que os estudos de caso, a escala local, responden mellor aos intereses das mulleres, especialmente se están vinculadas polo activismo ou a participación no terceiro sector ou na política das súas comunidades. Por exemplo, cando se estudan as motivacións das mulleres para participaren en movementos a prol da protección do medio natural ou contra actuacións que o poñen en perigo, vese que se implican máis na medida en que o problema é próximo e, sobre todo, cando afecta ao benestar, a saúde e a supervivencia persoal, familiar ou comunitaria (Agüera, 2008).

A necesidade de contar con datos desagregados por sexo tamén é un paso imprescindible para podermos facer análises sensibles ao xénero, tal como se comentou en capítulos anteriores. Se non dispoñemos destes datos ou se non foron recollidos axeitadamente, será difícil abordar calquera temática, sexa a participación das mulleres e dos homes no mercado laboral, o tempo dedicado ao traballo de coidados, o uso dos espazos públicos ou o acceso diferencial a recursos como a terra ou a vivenda.

### 5.3. Espazo e ambiente académico respectuoso e confortable para todas as persoas

Entre os recursos docentes para introducir a perspectiva de xénero non podemos esquecer a atención que hai que prestar para que o alumnado se sinta cómodo na aula, en especial cando tratamos temas sensibles que poden afectar a algunha persoa. Non podemos nin temos por que sabelo, nin cómpre que nos dean detalles, mais hai a posibilidade de que teñamos na aula alumnado que sufrise persoalmente situacións de violencia sexual ou outras violencias machistas, xenofobia ou racismo. Se cadra non o sufriron directamente, senón familiares ou outras persoas próximas. Por iso, antes de entrar en cuestións sensibles desta ou outra índole, deberíamos de advertir (*trigger warning*) o alumnado e ofrecer a posibilidade de que saia puntualmente da aula. Nestes casos, pode que a persoa precise estar acompañada ou necesite algún outro tipo de apoio polo trastorno que lle poida supoñer lembrar ou revivir eses feitos.

Do mesmo xeito, deberíamos procurar tamén atender ás necesidades educativas específicas que requira o alumnado, facilitar as ferramentas, o tempo e a dedicación para que estas persoas se sintan atendidas e poidan facer un seguimento satisfactorio da materia.

Aplicar unha perspectiva feminista á docencia tamén significa revisar o espazo físico da aula para facelo menos xerárquico, máis igualitario e inclusivo. Do mesmo xeito, cómpre traballar nas relacións que se dan na aula entre o propio alumnado e entre este e o profesorado. Por iso, hai que prestar atención para evitar que se reproduzan na aula os roles tradicionais e os nesgos androcéntricos: velar por que o tempo de intervención non sexa acaparado sempre polas mesmas persoas; fomentar que se escoiten todas as opinións sen interrupcións e non só as do profesorado; motivar e dar pé á participación das persoas que teñen máis dificultade para intervenir nos debates; propoñer dinámicas onde, no canto de falar ante toda a clase, se traballe en grupos pequenos ou ben se escriba ou lea no canto de argumentar directamente son fórmulas que fomentan unha participación máis igualitaria (Ponferrada, 2017).

Cómpre velar por que o trato na aula (e moi especialmente durante o traballo de campo, cando hai máis tempo de convivencia e en contornas non-habituais) sexa sempre de respecto á diversidade de opinións, mais tamén á diversidade de identidades e expresións de xénero ou orientacións sexuais, así como cara a outras identidades (hooks, 2022). Débese explicar que non se poden producir situacións de acoso sexual, racista nin de ningún outro tipo. Un bo recurso de prevención é aproveitar o contexto, o tempo e o espazo da aula para dar a coñecer os servizos de atención e apoio e os protocolos contra o acoso sexual e doutro tipo cos que contan actualmente a maioría das universidades. Deste xeito, o alumnado poderá dirixirse a eles cando o precise persoalmente ou cando detecte situacións de acoso cara a outras persoas, así como para sensibilizarse e formarse sobre a prevención e a abordaxe do acoso sexual, por razón de xénero, expresión de xénero ou orientación sexual, ou as violencias machistas no contexto universitario.

A aplicación da perspectiva de xénero na docencia tamén nos debe levar a sermos especialmente sensibles no que respecta ás preferencias de nome e pronomes do alumnado, pois non sempre coincide coa información oficial das listaxes de clase. Por iso, podemos empregar a aula para informar sobre os protocolos de cambio de nome sentido da propia universidade (se existen) ou ofrecer a posibilidade de ser nomeada ou nomeado segundo se desexe a fin de superar os límites ou malestares que o nome legal poida supoñer.

#### **5.4. Obxectivos formativos**

Propoñemos tamén algúns obxectivos formativos que pensamos que deberían estar incorporados no programa docente de calquera materia de xeografía con perspectiva de xénero como, por exemplo:

- Comprender as definicións, os conceptos básicos e os obxectivos da xeografía de xénero.



- Comprender como a incorporación da perspectiva de xénero modifica e aumenta o coñecemento sobre a relación entre a sociedade e o medio.
- Ser quen de formular as investigacións xeográficas incorporando a perspectiva de xénero.
- Valorar a introdución desta perspectiva nos estudos xeográficos actuais.
- Desenvolver a capacidade de reflexión, análise, discusión e interpretación, tanto a título individual como en grupo.

As habilidades, as actitudes e os valores que conviría traballar poderían ser, entre outros, os seguintes:

- Capacidade de reflexión, análise e síntese.
- Comunicación oral e escrita.
- Mirada crítica.
- Habilidades de investigación.
- Adquisición de bases teóricas e contidos prácticos.
- Capacidade para participar en políticas transversais de xénero.
- Actitude respectuosa co resto da clase e o profesorado.
- Apertura ante as opinións diverxentes expresadas na clase.
- Interese por outras realidades xeográficas.
- Interese por relacionar a temática da materia coas novas de actualidade.

### **5.5. Masculinización da xeografía**

Rematamos este capítulo cunha reflexión final. A xeografía é unha disciplina que nas últimas décadas viu como o seu alumnado se ía masculinizando de forma progresiva. Nos anos oitenta e noventa do século XX, había un certo equilibrio ou, como mínimo, paridade entre o número de mozas e mozos que se matriculaban nos estudos de xeografía, o que se correspondía cun momento no que unha das saídas profesionais era o ensino secundario,

como xa se indicou anteriormente. Nas últimas dúas décadas, a medida que os estudos se foron orientando a formar profesionais da xeografía para outros ámbitos laborais, asistimos a unha masculinización progresiva dos estudos. Tomando como referencia os datos que publica a Universitat Autònoma de Barcelona<sup>2</sup> na súa web, atopamos que, nos últimos catro anos, a porcentaxe de mulleres matriculadas no Grao en Xeografía, Medio Ambiente e Planificación Territorial (antes, Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, e anteriormente, Grao en Xeografía) nunca chegou ao 40% e que, algún ano, só foi do 16%, situándose en cifras que caracterizan estudos do ámbito das enxeñarías.

Este feito é moi relevante e ten consecuencias máis alá da composición do alumnado, pois hase ver despois reflectido nos estudos de posgrao, nas contratacións de profesorado, na falta de referentes femininos... Temos pendente estudar con profundidade as causas deste cambio de tendencia, mais podemos aventurar algunhas hipóteses que o explicarían. En primeiro lugar, os plans de estudo foron tecnificando os seus contidos á custa de deixar fóra as materias rexionais (moi vinculadas ás orixes da xeografía), así como reducindo a presenza de materias do ámbito da xeografía social. Unha destas é a de Xeografía e Xénero, que non se ofrece na maioría dos plans de estudos de Xeografía ou que, caso de facelo, aparece na modalidade de optativa. As notas de corte podería achegar outra explicación, tendo en conta que as estatísticas mostran que as mozas obteñen notas de corte medias superiores ás dos mozos. Este feito sitúaas mellor para a selección e pódense permitir elixir entre un amplo abano de estudos. Finalmente, os propios datos sobre cifras de matrícula (onde queda reflectida a masculinización do alumnado) poden levar o futuro alumnado a pensar que estes estudos se dirixen máis aos mozos e os seus intereses ca non aos das mozas.

---

<sup>2</sup> <https://www.uab.cat/web/estudiar/l·listat-de-graus/qualitat/el-grau-en-xifres/geografia-me-di-ambient-i-planificacio-territorial-1297754209672.html?param1=1345738326639>. [Consultado o 25/06/2022].

Para revertir esta tendencia e acadar proporcións que reflectan mellor a composición da sociedade de referencia, ofrecemos algunhas suxestións e recursos prácticos. Neste sentido, conviría revisar a fondo os plans de estudos para incluír contidos que fosen atractivos e respondesen aos intereses das estudantes potenciais e non só ás demandas do mercado laboral. Tamén é relevante que nas imaxes de promoción dos estudos de Xeografía se mostren referentes femininos, tanto de estudiantado como de profesorado. Do mesmo xeito, habería que velar por que as persoas que fan a promoción dos estudos de Xeografía non fosen só ou mormente homes. Tamén é preciso ofrecer unha bibliografía académica onde a presenza de mulleres xeógrafas sexa relevante. Finalmente, tamén cumpriría ter cadros de profesorado e políticas de contratación paritarias en todas as categorías, sobre todo para conseguir que as mulleres estean máis presentes entre o profesorado estable e que a paridade entre o profesorado se manteña ao longo do tempo.

## •• 06. Ensinar a facer investigación en xeografía sensible ao xénero

No marco desta guía sobre a docencia en xeografía con perspectiva de xénero, inclúese un apartado sobre a aprendizaxe da investigación con perspectiva de xénero en xeografía. Esta é unha aprendizaxe que se pode facer no marco dos exercicios prácticos da aula ou nun traballo de curso dunha materia. Sen dúbida, cando isto é especialmente relevante é no momento no que o alumnado debe proxectar a realización do traballo de fin de grao (TFG) ou o traballo de fin de máster (TFM). Pode haber mesmo alumnado que o faga por primeira vez á hora de emprender unha tese doutoral en xeografía por non ter nunca antes oportunidade de coñecer e incorporar esta mirada.

A necesidade e a oportunidade de incorporar a perspectiva de xénero na investigación en xeografía xustifícase con moitos dos elementos que se citaron nas páxinas e apartados anteriores ao facer referencia á docencia. Non se trata só de cumprir co marco normativo e os plans de igualdade das universidades ou outras normativas, guías ou orientacións que cada institución pode facilitar e facilita: pensar e practicar a investigación en xeografía con perspectiva de xénero mellora a calidade da investigación e contribúe a un coñecemento non-androcéntrico, inclusivo e socialmente máis xusto (Moss, 2002).

Ademais de que xa é unha esixencia desde as propias institucións, debe terse en conta que o enfoque de xénero e o impacto de xénero son cada vez máis valorados, e ás veces mesmo se inclúen de forma obrigada nas convocatorias de investigación competitivas internacionais e non só nas de ciencias sociais. No entanto, e en paralelo a este contexto legislativo e académico favorable (sobre todo se o comparamos co do século XX), tamén é precisa vontade e compromiso para tomar unha opción decidida e valente de incorporar a perspectiva de xénero na investigación, pois aínda hai quen a cuestiona e persisten resistencias moi enraizadas e recorrentes.

A principal achega do feminismo á metodoloxía de investigación é a crítica ao empirismo e á ciencia positivista, que resultou pouco útil ou insuficiente para facerlles fronte á complexidade e as contradicións que a investigación nos formula (Madge, 1997). Malia estar aberta a unha diversidade de técnicas e enfoques metodolóxicos ou a abordaxes mixtas, os enfoques, as técnicas e as achegas unicamente cuantitativas foron moi criticadas polas súas limitacións como, por exemplo, a falta de datos desagregados por sexo. As técnicas cualitativas, en cambio, foron e son fundamentais e moi ben valoradas na xeografía feminista (Limb e Dwyer, 2001; Baylina, 1997; Prats, 1998).

A escala da investigación tamén é unha cuestión relevante. A xeografía feminista tende máis á pequena escala, a máis próxima ás experiencias da vida cotiá das mulleres, a máis sensible ás diferentes responsabilidades e traballos que estas desenvolven. Por iso son moi valorados e empregados os estudos de caso, que poden incluír aquilo que non teñen en conta as estatísticas e que permiten profundar para comprender os procesos. Os estudos macro, a escala global ou estatal, poden ser útiles para contextualizar e comparar, mais son limitados porque non poñen o foco ou non conteñen a información que a perspectiva de xénero precisa.

No entanto, cómpre tamén lembrar que non hai un único xeito de facer investigación ou unha única metodoloxía feminista. As escollas deberán axeiarse a cada investigación concreta e atopar aquilo que sexa máis adecuado e efectivo en cada caso, polo que preferimos falar en plural de metodoloxías feministas. Con todo, si podemos engadir como característica a flexibilidade, a apertura de mente a diferentes opcións, á innovación e á creatividade, que dá lugar a miradas novas sobre problemas xa tratados desde outras perspectivas metodolóxicas ou outras epistemoloxías. Isto é o que permite atopar respostas e explicacións diferentes e mesmo alternativas.

A xeografía feminista tamén tivo que abordar debates metodolóxicos, dos cales se desprende a necesidade de incluír e ter en conta conceptos como a reflexividade, a posicionalidade e o coñecemento situado. Un primeiro paso foi recoñecer que o coñecemento obxectivo non existe porque o coñecemento sempre é situado, tamén en xeografía (Ekinsmyth, 2002).

A *reflexividade*, entendida como o proceso de reflexión sobre o propio proceso de investigación, é outra ferramenta moi útil; pódese animar o alumnado que comeza a facer investigación a que a incorpore xa nas súas primeiras prácticas investigadoras. A miúdo este proceso leva implícito cuestionarse as propias asuncións ou prexuízos sobre os nosos privilexios. Significa tamén reflexionar sobre a lexitimidade da investigación que se quere realizar e sobre o dereito a facela e, ante todo, cuestionarse a posición propia en relación coa investigación, sobre se a facemos como *outsiders* ou *insiders*, é dicir, desde fóra ou desde dentro do grupo ou comunidade, con todo o que isto implica.

Por iso tamén é moi útil e recomendable pensar e expresar, no marco da investigación, a propia *posicionalidade*, é dicir, facer referencia ao lugar, a idade ou o ciclo de vida, as identidades e a experiencia vital desde onde se fai a investigación. Un bo exemplo de como expresar esta posicionalidade ofrécenola Janet Momsen (2020: 7) nunha das súas obras máis reeditadas.

Cando se opta polo enfoque feminista á hora de iniciar unha investigación, hai que telo presente desde o minuto cero. Todas as fases da investigación, desde a escolla do tema ou a selección do obxecto ou do suxeito de estudo, deben facerse xa desde esta mirada: centramos en cuestións que sexan relevantes desde a perspectiva de xénero; revisar a reformulación de categorías e conceptos, a escolla dos problemas que cómpre visibilizar e abordar, e facer preguntas de investigación que xorden xustamente por abordar a investigación no marco dunha mirada feminista da xeografía.

Unha vez escollido o tema e formuladas as hipóteses ou preguntas de investigación, a perspectiva de xénero deberíanos acompañar en todas as fases do deseño e o desenvolvemento da investigación: na escolla do lugar ou a área de estudo, na selección e a aplicación das técnicas de investigación, na análise dos resultados, na linguaxe e a escrita empregadas, así como na selección das fontes e na busca documental.

No caso da xeografía cómpre, ademais, destacar a importancia do *traballo de campo* e ter en conta que o «campo» non é un lugar neutro, senón que ten o seu propio contexto político, social, económico e cultural

(Katz, 1994), polo que temos que preparalo axeitadamente, informarnos con anterioridade e con moito respecto polos lugares e as persoas que os habitan, as súas culturas, valores e prioridades.

Na realización de entrevistas debemos prestar atención a dar espazo e tempo para que as persoas entrevistadas se poidan expresar de acordo coas súas necesidades. Temos que adaptarnos á súa dispoñibilidade horaria, ao lugar que prefiren por serlles máis cómodo ou máis facilitador da súa vida cotiá. Ademais, antes de nada, cómpre que a persoa dea o seu consentimento á entrevista e, dado o caso, a graval, e debemos informala da posibilidade de non responder a algunhas preguntas ou dar por rematada a entrevista cando desexe.

En todas estas fases do proceso de investigación deberemos velar por incorporar adecuadamente a perspectiva de xénero e por avaliar o impacto do xénero na investigación, especialmente se traballamos con grupos de poboación vulnerables ou en contextos socioculturais que nos son alleos ou que descoñecemos. En cada momento, en cada decisión que tomamos, debemos preguntarnos sobre posibles nesgos androcéntricos e etnocéntricos, e atopar a forma de atenualos ou eliminalos do noso traballo.

As *relacións de poder* son inevitables no proceso de investigación e deben ser recoñecidas, consideradas e, eventualmente, negociadas. Non se poden facer desaparecer, mais si se pode traballar para conseguir que sexan relacións máis igualitarias. Referímonos aquí tanto ás relacións entre membros dun equipo de investigación ou colectivo como entre a persoa ou persoas investigadoras e a comunidade ou as persoas obxecto de estudo.

Hanos parecer que facer investigación desde a perspectiva de xénero é unha complicación, que é máis difícil, por todas as precaucións que presentamos, por todo o traballo de reflexión, cuestionamento e autocrítica que leva implícita esta opción. A conclusión é que, supoña ou non máis traballo ou enfrontarse a máis dúbidas, facer investigación con perspectiva de xénero significa facer xeografía de máis calidade, xeografía máis incluíva e máis sensible ás diferenzas de xénero. Se ademais se quere adoptar unha perspectiva interseccional, será máis sensible a outras dimensións da desigualdade.

## •• 07. Recursos pedagógicos en xeografía e xénero

### 7.1. Webgrafía

Association of Women in Development:

[www.awid.org](http://www.awid.org)

Escola de Cultura de Pau. Gènere i Pau:

<https://escolapau.uab.cat/ca/genere-i-pau/>

Grupo de Investigación en Xeografía e Xénero Departamento de Xeografía. Universitat Autònoma de Barcelona:

<http://geografia.uab.cat/genere/>

Institute of Development Studies, University of Sussex:

[www.ids.ac.uk/bridge](http://www.ids.ac.uk/bridge)

International Center for Research on Women:

[www.icrw.org](http://www.icrw.org)

International Geographical Union Commission on Gender and Geography:

<https://igugender.wixsite.com/igugender>

Oxfam:

<https://www.oxfam.org/es/informes>

UN Women-ONU Mujeres:

<https://www.unwomen.org/en>

<https://www.unwomen.org/es>

Nacións Unidas:

Obxectivos de desenvolvemento sostible. 5: igualdade de xénero:

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>

World Bank-Banco Mundial:

[www.worldbank.org/gender](http://www.worldbank.org/gender)



## 7.2. Bibliografía sobre xeografía e xénero

- ALBET, Abel (ed.) (2019). *Maria Dolors Garcia-Ramon. Geografía, género, disidencia e innovación*. Barcelona: Icaria.
- ALBET, Abel e BENACH, Núria (2012). *Doreen Massey. Un sentido global del lugar*. Barcelona: Icaria.
- BENERIA, Lourdes; BERIK, Gunselli e FLORO, Maria (2018). *Género, desarrollo y globalización. Una visión desde la economía feminista*. Barcelona: Edicions Bellaterra.
- BROWN, Gavin e BROWNE, Kath (eds.) (2016). *The Routledge research companion to geographies of sex and sexualities*. Londres: Routledge.
- BROWNE, Kath; LIM, Jason e BROWNE, Gavin (eds.) (2007). *Geographies of sexualities. Theory, practices and politics*. Londres: Routledge.
- BROWNE, Kath e FERREIRA, Eduarda (eds.) (2015). *Lesbian geographies. Gender, place and power*. Londres: Routledge.
- BRU, Josepa (1997). *Medioambiente, poder y espectáculo: gestión ambiental y vida cotidiana*. Barcelona: Icaria.
- BRYANT, Lia e PINI, Barbara (2011). *Gender and rurality*. Londres: Routledge.
- DATTA, Anindita et al. (eds.) (2020). *Routledge Handbook of gender and feminist geographies*. Londres: Routledge.
- DOMOSH, Mona e SEAGER, Joni (2001). *Putting Women in Place: Feminist Geographers make Sense of the World*. Londres: The Guilford Press.
- FEDERICI, Silvia (2019). *Tornar a encantar el món: el feminisme i la política dels comuns*. Manresa: Tigre de Paper.
- GARCIA RAMON, Maria Dolors; ORTIZ, Anna e PRATS, Maria (eds.) (2014). *Espacios públicos, género y diversidad. Geografías para unas ciudades inclusives*. Barcelona: Icaria.
- GORMAN-MURRAY, Andrew e HOPKINS, Peter (2014). *Masculinities and place*. Londres: Routledge.
- IBARRA, Verónica e ESCAMILLA, Irma (2016). *Geografías feministas de diversas latitudes. Orígenes, desarrollo y temáticas contemporáneas*. México D.F.: Universidad Nacional Autónoma de México.

- LAURIE, Nina et al. (1999). *Geographies of new femininities*. Londres: Longman.
- MCDOWELL, Linda (2000). *Género, identidad y lugar. Un estudio de las geografías feministas*. Valencia: Cátedra.
- MOMSEN, Janet H. (2020). *Gender and Development*. Londres: Routledge.
- MOSS, Pamela e FALCONER AL-HINDI, Karen (2008). *Feminisms in Geography. Rethinking space, place and knowledge*. Londres: Rowman and Littlefield.
- OBERHAUSER, Ann M. e JOHNSTON-ANUMONWO, Ibipo (eds.) (2014). *Global Perspectives on Gender and Space. Engaging feminisme and development*. Londres: Routledge.
- OBERHAUSER, Ann M.; FLURI, Jennifer L.; WHITSON, Risa e MOLLETT, Sharlene (2018). *Feminist spaces. Gender and geography in a global context*. Londres: Routledge.
- SABATÉ, Ana; RODRÍGUEZ, Juana M. e DÍAZ, M. Ángeles (1995). *Mujeres, espacio y sociedad. Hacia una geografía del género*. Madrid: Síntesis.
- SÁNCHEZ DE MADARIAGA, Inés (s. d.). *Urbanismo con perspectiva de género*. Junta de Andalucía.
- SASSEN, Saskia (2003). *Contra geografías de la globalización. Género y ciudadanía en los circuitos transfronterizos*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- SEAGER, Joni (2018). *The Women's Atlas*. Londres: Penguin.
- SILVA, Joseli Maria; ORNAT, Marcio e CHIMIN Junior, Alides Baptista (eds.) (2017). *Diálogos ibero-latinoamericanos sobre geografías feministas e das sexualidades*. Ponta Grossa: Todapalavra.
- TRAUGER, Amy e FLURI, Jennifer L. (2019). *Engendering development: capitalism and inequality in the global economy*. Londres: Routledge.
- UNITED NATIONS DEVELOPMENT PROGRAMME [UNDP] (varios años). *Human Development Report*. New York/Oxford: Oxford University Press.
- UNITED NATIONS (1995). *Report of the Fourth World Conference on Women*. [www.undp.org/fwcw/fwcw2.html](http://www.undp.org/fwcw/fwcw2.html)
- UNITED NATIONS DEVELOPMENT FUND FOR WOMEN [UNIFEM] (2000). *Progress of the World's Women 2000*. [www.undp.org/unifem/progressww/2000](http://www.undp.org/unifem/progressww/2000)

WOMEN AND GEOGRAPHY STUDY GROUP (1997). *Feminist geographies. Explorations in diversity and differences*. Londres: Longman.

### **7.3. Revistas de referencia en xeografía e xénero**

*Documents d'anàlisi geogràfica*, monográficos 14 (1989), 26 (1995), 35 (1999), 49 (2006), 65(3) (2019). <http://www.raco.cat/index.php/DocumentsAnalisi>

*Gender, place and culture. A Journal of Feminist Geography*. Carfax Publishing. [https://www.tandfonline.com/journals/cgpc20?gclid=EAlaIqobChMI-tr-j8PCo-AIVzYKDBx3TIQAGEAAYASAAEgKfNvD\\_BwE](https://www.tandfonline.com/journals/cgpc20?gclid=EAlaIqobChMI-tr-j8PCo-AIVzYKDBx3TIQAGEAAYASAAEgKfNvD_BwE)

*Revista latino-americana de geografía e género*. <http://www.revistas2.uepg.br/index.php/rllag>

### **7.4. Glosario de conceptos xeográficos con perspectiva de xénero**

#### **Espazo**

Dimensión producida socialmente e que intervén na configuración da diferenza. O espazo é xenerizado: as persoas empregan o espazo de forma diferente; as relacións de xénero exprésanse no espazo; a concepción do espazo é masculina. Neste último sentido, a insistencia no feito de que só o espazo material é real constrúe unha distinción entre espazos reais e non-reais. Desde unha práctica masculina de construción do poder, esta distinción crea unha xerarquía que é xenerizada: o espazo real é simultaneamente concreto e dinámico, significando o masculino, mentres que o espazo non-real é simultaneamente fluído e volátil, xenerizado como feminino.

#### **Lugar**

A xeografía feminista fala do sentido do lugar, un conxunto de relacións establecidas entre comunidades heteroxéneas, sen fronteiras, aberto ao exterior, pero que é único. A singularidade, especificidade de cada lugar, fórmaa precisamente o seu carácter de relacións heteroxéneas, únicas.

### Paisaxe

É a interpretación concreta dunha contorna. As paisaxes non son obxectos materiais, senón unha forma visual de organizar a percepción do medio; unha forma de mirar. Para a xeografía humanista, a paisaxe é unha forma de ver o mundo que expresa os valores da clase dominante. Para as xeógrafas feministas, a paisaxe tamén é unha forma de ver xenerizada masculina. Historicamente, a natureza estivo xenerizada como feminina nas culturas occidentais; daquela, unha crítica feminista da paisaxe considera que a forma de ver a paisaxe se pensou desde unha perspectiva masculina, a mesma perspectiva que interpretou o mundo.

Se se argumenta que a paisaxe se entende como unha forma de mirar e que esta é clasista e xenerizada, tamén podemos pensar noutras estruturas de poder que se producen e reproducen por medio da paisaxe. Nunha sociedade heteronormativa, a paisaxe lese como heterosexual e, nunha sociedade racista, como branca.

---

### 7.5. Ligazóns a guías docentes de materias sobre xeografía e xénero nos graos en Xeografía

Universitat Autònoma de Barcelona. Geografia i Gènere:

[https://guies.uab.cat/guies\\_docents/public/portal/html/2021/assignatura/104267/ca](https://guies.uab.cat/guies_docents/public/portal/html/2021/assignatura/104267/ca)

Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Geografía del Género:

[http://www2.ulpgc.es//index.php?pagina=estudios&ver=weees003&tipo-plan=&codigo=175\\_4001\\_40\\_00\\_1\\_4\\_40139](http://www2.ulpgc.es//index.php?pagina=estudios&ver=weees003&tipo-plan=&codigo=175_4001_40_00_1_4_40139)

Universidad de Salamanca. Geografía y Género:

<https://guias.usal.es/node/17584>

## •• 08. Para profundar

### 8.1. Bibliografía citada e de referencia

- AGÜERA CABO, Mercè (2008). «L'activisme femení en conflictes ambientals. Reflexions en clau feminista i apunts per a la gestió del medi». *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 51, 13-37.
- ALSTON, Margaret (2013). «Women and adaptation». *WIREs Clim Change*, 4, 351358.
- AQU (2018). *Marc general per a la incorporació de la perspectiva de gènere en la docència universitària*. Barcelona: Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya.
- BAYLINA, Mireia (1997). «Metodología cualitativa y estudios de geografía y género». *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 30, 123-138.
- BAYLINA, Mireia (2020). «Dones i tornada al camp. Protagonistes de les noves dinàmiques rurals a Catalunya». *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, 90, 101-114.
- BAYLINA, Mireia e RODÓ, Maria (2016). «New visual methods for teaching intersectionality from a spatial perspective in a geography and gender course». *Journal of Geography in Higher Education*, 40(4), 608-620.
- BENERÍA, Lourdes (1981) [1979]. «Reproducción, producción y división sexual del trabajo». *Mientras Tanto*, 6, 47-84.
- BENERÍA, Lourdes; GÜNSELİ, Berik e FLORO, Maria (2016). *Gender, development and globalization. Economics as if all people mattered*. Londres: Routledge.
- BLIDON, Marianne e ZARAGOCÍN, Soffía (2019). «Mapping gender and feminist geographies in the global context». *Gender, place and culture*, 26(7-9), 915-925.
- BRU, Josepa (1995). «Medi ambient i gènere. El paper de les dones en la defensa de la salut i el medi ambient». *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 26, 277-281.

- BURNETT, Pat (1973). «Social change, the status of women and models of city form and development». *Antipode*, 5, 57-61.
- CHANT, Sylvia (2013). «Cities through a “gender lens”: a golden “urban age” for women in the global South?». *Environment & Urbanization*, 25(1), 9-29.
- COL·LECTIU PUNT 6 (2014). *Espais per a la vida quotidiana. Auditoria de qualitat urbana amb perspectiva de gènere*. Barcelona: Col·lectiu Punt 6.
- COL·LECTIU PUNT 6 (2019). *Urbanismo feminista*. Barcelona: Virus Editorial.
- DOMOSH, Mona e SEAGER, Joni (2001). *Putting Women in Place: Feminist Geographers make Sense of the World*. Londres: The Guilford Press.
- EKINSMYTH, Carol (2002). «Feminist methodology». En Pamela Surmer-Smith (ed.), *Doing Cultural Geography* (pp. 177-185). Londres: Sage.
- GARCIA RAMON, Maria Dolors (1989). «Para no excluir del estudio a la mitad del género humano: un desafío pendiente en geografía humana». *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 9, 27-48.
- GARCIA RAMON, Maria Dolors e PUJOL I ESTRAGUÉS, Hermínia (2004). «La presencia de mujeres en la geografía académica: ¿Hacia una masculinización de la disciplina?». *Cuadernos de Geografía*, Universitat de València, 75, 91-102.
- GARCIA RAMON, Maria Dolors; ORTIZ, Anna e PRATS, Maria (eds.) (2014). *Espacios públicos, género y diversidad. Geografías para unas ciudades inclusivas*. Barcelona: Icària.
- GORMAN-MURRAY, Andrew; PINI, Barbara e BRYANT, Lia (2013). *Sexuality, rurality and geography*. Lanham: Lexington books.
- HANSON, Susan (2010). «Gender and mobility: new approaches for informing sustainability». *Gender, Place & Culture*, 17(1), 5-23.
- HARAWAY, Donna (1991). «Situated knowledges. The science question in feminism and the privilege of partial perspective». En *Simians, Cyborgs and Women: The Reinvention of Nature* (pp. 183-201). Nova York: Routledge.
- HOOBS, Bell (1984). *Feminist theory. From margin to center*. Nova York: South End Press.

- HOOKS, Bell (2022). *Ensenyar pensament crític*. Barcelona: Raig Verd.
- KATZ, Cindi (1994). «Playing the field: questions of fieldwork in geography». *The Professional Geographer*, 46(1), 67-72.
- L'APÒSTROF, SCCL (2021). *Català inclusiu i natural*. Barcelona, L'Apòstrof. Disponible en: <https://apostrof.coop/catala-inclusiu.pdf>
- LIMB, Melanie e DWYER, Claire (2001) (eds.). *Qualitative Methodologies for Geographers. Issues and debates*. Londres: Arnold.
- MADGE, Clara et al. (1997). «Methods and methodologies in feminist geographies: politics, practice and power». En IBG, Women and Geography Study Group (ed.), *Feminist Geographies. Explorations in Diversity and Difference* (pp. 86-111). Essex: Longman.
- MARÇAL, Heura; KELSO, Fiona e NOGUÉS, Mercè (2011). *Guia per a l'ús no sexista del llenguatge a la Universitat Autònoma de Barcelona*. Bellaterra: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona.
- MASSEY, Doreen (2012) [1991]. «Un sentido global del lugar». En Abel Albet e Núria Benach (eds.), *Doreen Massey. Un sentido global del lugar* (pp. 112-129). Barcelona: Icaria.
- MCDOWELL, Linda (2000). *Género, identidad y lugar. Un estudio de las geografías feministas*. Valencia: Cátedra.
- MISGAV, Chen (2019). «Planejament, justícia i política urbana LGBT a Tel-Aviv: Un dilema “queer”». *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 65(3), 541-562.
- MOMSEN, Janet H. (2020). *Gender and Development*. Londres: Routledge.
- MONK, Janice (1999). «Gender in the landscape. Expressions of power and meaning». En K. Anderson e F. Gay (eds.), *Cultural Geographies* (pp. 153-172). Londres: Logman.
- MOSS, Pamela (ed.) (2002). *Feminist Geographies in Practice: Research and Methods*. Oxford: Blackwell.
- OSO, Laura e RIBAS, Natàlia (eds.) (2013). *The International handbook on gender, migration and transnationalism. Global and development perspectives*. Chentelham: Edward Elgar.

- PÉREZ OROZCO, Amaia (2014). *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- PONFERRADA, Maribel (2017). *Guia per a la introducció de la perspectiva de gènere en la docència. Tercer Pla d'acció per la Igualtat entre dones i homes de la UAB (2014-2017)*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona, Observatori per a la Igualtat.
- PRATS FERRET, Maria (1998). «Geografía feminista i metodologia: reflexió sobre un procés d'aprenentatge paral·lel». *Cuadernos de Geografía*, 9, 313-323.
- RODÓ, María (2013). «Metodologías feministas visuales para el análisis de la experiencia del espacio desde una perspectiva interseccional». En *Actas del XXIII Congreso de la Asociación de Geógrafos Españoles* (pp. 459-468). Palma de Mallorca: AGE e Departament de Geografia de la Universitat de les Illes Balears.
- RODÓ-ZÁRATE, María (2021). *Interseccionalitat. Desigualtats, llocs i emocions*. Manresa: Tigre de Paper.
- RODRÍGUEZ, Laura; PINI, Barbara e BAKER, Sarah (2016). «The global countryside peasant women negotiating, recalibrating and resistant rural change in Colombia». *Gender, place and culture*, 23(11), 1547-1559.
- ROSE, Gilian (1993). *Feminism and Geography. The limits of geographical knowledge*. Minneapolis: University of Minnesota.
- SABATÉ, Ana (1984). «Mujer, geografía y feminismo». *Anales de la Universidad Complutense*, 4, 37-53.
- SABATÉ, Ana; RODRÍGUEZ, Juana M. e DÍAZ, M. Ángeles (1995). *Mujeres, espacio y sociedad. Hacia una geografía del género*. Madrid: Síntesis.
- SÁNCHEZ DE MADARIAGA, Inés (s. d.). *Urbanismo con perspectiva de género*. Junta de Andalucía.
- SEAGER, Joni (2018). *The Women's Atlas*. Londres: Penguin.
- UNIVERSITAT AUTÒNOMA DE BARCELONA (2021). *Guia per treballar i avaluar les competències generals de la UAB*. Bellaterra: Universitat



- Autònoma de Barcelona. Disponible en: <https://www.uab.cat/doc/GuiaTreballarAvaluarCompetenciesGeneralsUAB> [Consultado 03/06/2022]
- VALENTINE, Gill (2007). «Theorising and researching intersectionality: a challenge for feminist geography». *The Professional Geographer*, 59(1), 10-21.
- VILLELLAS, María (2016). «Processos de pau amb perspectiva de gènere. Inclusivitat i participació». *Quaderns de construcció de pau*, 26.
- WALBY, Sylvia (1990). *Theorizing Patriarchy*. Cambridge: Polity Press.

Durante moitos séculos, a metade da humanidade foi ignorada como obxecto de estudo en xeografía, xa que se considerou tradicionalmente a sociedade como un conxunto neutro, asexuado e homoxéneo, sen considerar as profundas diferenzas que hai entre mulleres e homes na ocupación do espazo. A guía para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero de Xeografía ofrece propostas, exemplos de boas prácticas, recursos docentes e ferramentas de consulta coas que revertir o androcentrismo e incluír a perspectiva de xénero na docencia, a transferencia de coñecemento e a investigación.

### Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

### Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

### Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

### Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

### Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

### Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

### Historia

MÓNICA MORENO SECO

### Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

### Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

### Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOJ  
SALUD MANTERO HEREDIA

### Socioloxía, Economía e

### Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA  
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

### Comunicación

MARIA FORGA MARTEL

### Enxeñaría Industrial

ELISABET MAS DE LES VALLS  
ORTIZ MARTA PEÑA CARRERA

### Antropoloxía

JORDI ROCA GIRONA

### Arquitectura

M. ELIA GUTIÉRREZ-MOZO  
ANA GILSANZ-DÍAZ  
CARLOS BARBERÁ-PASTOR  
JOSÉ PARRA-MARTÍNEZ

### Enfermaría

M. ASSUMPTA RIGOL CUADRA  
DOLORS RODRÍGUEZ MARTÍN

### Matemáticas

IRENE EPIFANIO LÓPEZ

### Enxeñaría Electrónica de

### Telecomunicación

SÒNIA ESTRADÉ ALBIOL

### Docencia en liña

IOLANDA GARCÍA GONZÁLEZ E  
MÍRIAM ARENAS CONEJO

### Enxeñaría Multimedia

SUSANNA TESCONI

### Traballo Social

OZGÜR GUNES OZTÜRK OKUMUS  
MARIONA LLADONOSA LATORRE

### Administración e

### Dirección de Empresas

PILAR LÓPEZ-JURADO  
GONZÁLEZ E NÚRIA  
RODRÍGUEZ ÁVILA

### Ciencias da Actividade

### Física e do Deporte

PEDRONA SERRA PAYERAS E  
SUSANNA SOLER PRAT

### Enxeñaría Naval, Mariña

### e Náutica

CLAUDIA BARAHONA-FUENTES  
E MARCEL-LA  
CASTELLS-SANABRA

### Enxeñarías Agrarias

MARÍA DOLORES RAIGÓN  
JIMÉNEZ

### Xeografía

MARIA PRATS FERRET E  
MIREIA BAYLINA FERRÉ

[Consulta a colección completa](#)

**Xarxa Vives**  
d'universitats

